

cerna



revista galega de ecoloxía e medio ambiente

Xuño 2006 • Número 48 • 3 €

depuración natural • rede natura • Touriñán • celulosas
entrevista a Emilio Fernández • nucleares e quioto • novo estatuto





Pensas no medio natural? Pensa no aforro enerxético

- Elixe lámpadas de baixo consumo
- Usa a calefacción cando sexa realmente necesaria
- Merca aparellos enerxéticamente eficientes
- Apaga os electrodomésticos correctamente
- Utiliza transporte colectivo
- Na túa empresa utiliza tecnoloxía eficiente



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

 **inega**
INSTITUTO
ENERXÉTICO DE GALICIA

**ACTUALIDADE
RECURSOS** 4
10

**INFORME
DEPURACIÓN NATURAL DE AUGAS RESIDUAIS** 12
Manuel Soto, Pilar Barros e Virxinia Rodríguez

**REDE NATURA
XXXI ASEMBLEA XERAL DE ADEGA
LIÑAS PROPIAS DE CONSERVACIÓN
MARDELIRA: A PRIMEIRA RESERVA MARIÑA** 18
19
20
Reportaxe por Belén Rodríguez

**BENEFICIOS E CUSTOS SOCIAIS NA
CONSERVACIÓN DA REDE NATURA** 21
María Xosé Vázquez Rodríguez

**TOURIÑÁN
ROTEIRO POLO FIN DA TERRA** 24
Xosé Manuel Menéndez Barúa e Fins Eirexas

ACUICULTURA E SUSTENTABILIDADE 27
Adela Figueroa

**CELULOSAS
NORFOR: A PEOR XESTIÓN CON SELO FSC** 28
Benito Andrade

ENCE: FORA DA RÍA! 31
Entrevista a Antón Masa, por Belén Rodríguez

CELULOSAS EN URUGUAI E ARXENTINA 32
Rafael Rey

**ENTREVISTA
EMILIO FERNÁNDEZ** 34
Director Xeral de Desenvolvemento Sustentábel

**ENERXÍA
NUCLEARES E QUIOTO** 37
Daniel López Vispo e Fins Eirexas

PLANIFICACIÓN EÓLICA SUSTENTÁBEL 39
Fins Eirexas

**RESIDUOS
ENTREVISTA A JOAQUÍN LUCAS BUERGO** 40

**ECOLOXÍA NO COTIÁN
TAMÉN EN VACACIÓNS** 42
Ramsés Pérez

NOVO ESTATUTO E SUSTENTABILIDADE 42
Belén Rodríguez

**LENDAS
O PORQUÍÑO DA PAZ** 46
Anxo Moure

LUCES E SOMBRAS

A decisión da Xunta sobre Touriñán provocou unha forte polémica política e social, con manifestacións interesadas de Pescanova, do Concello de Muxía, ou de certos medios de comunicación. Porén, antes que dividida, a sociedade mantén unha clara opinión e demanda dunha modernización da xestión ambiental e de protección dos recursos naturais. Iso pon de manifesto unha investigación ao respecto da Universidade de Vigo, tamén o acordo unánime do Parlamento Galego do pasado 24 de maio, que insta ao goberno á protección dos espazos da Rede Natura fronte ao Plan de Parques de tecnoloxía alimentaria.

A decisión sobre Touriñán é pois un revulsivo contra a onda destrutiva que viña sufrindo Galiza e a convivencia entre determinados sectores políticos e da administración, ancorados en formas caducas de entender o desenvolvemento.

Nesa decisión conflúen a presión ambientalista e o cambio político rexistrado hai un ano. Antes, xa tiñamos o pronunciamento do Parlamento sobre a necesidade de protección dos Penedos de Pasarela, ou sobre a toma en consideración a ILP dos ríos. Noutro eido, o Conselleiro de MA ven de anunciar que na xestión do lixo non haberá outra SOGAMA e o goberno aparcará a incineración dentro dos novos proxectos a realizar.

A conxuntura é claramente positiva, mais compre manter a presión. De momento, son moitos os casos non resoltos, como Rinlo ou o Suído. Unha participación real da sociedade aínda non foi asumida. Outro tipo de políticas, infraestruturas viarias, modelo de transporte, modelo enerxético... presentan unha máis difícil reformulación, aínda que tamén aí existan promesas.

A recentemente inaugurada vía rápida do Morrazo mostra xa a mesma cara de destrución da natureza, atascos e accidentes que caracterizan a estas infraestruturas na Galiza. Trocar "vías rápidas" por autovías non resolverá o problema. "Sinto non poder celebrar o Día do Medio Ambiente", afirman desde o Morrazo.



Montse Lombardía

ADEGA púxose diante das máquinas en agosto de 2005. Agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ven de paralizar de novo as obras da piscifactoría de Rinlo (pax. 7)

cerna

Tel. e Fax: 981 570 099
Praza Camilo Díaz Vialino 15, 2º A
15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: cerna@adega.info
Web: www.adega.info

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Daniel López Vispo, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Belén Rodríguez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto e Lois Toirán.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Xuño - 2006

Nos artigos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai coparticipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN E COORDENACIÓN
Manuel Soto

DESEÑO, FOTOGRAFÍA E
MAQUETACIÓN
Alberte Sánchez

PUBLICIDADE E ADMINISTRACIÓN
Silvia Amor

FOTOGRAFÍA E COMPOSICIÓN DA CAPA
Xan G. Muras

IMPRESIÓN
Grafinova, S. A.
D.L.: C-913/1986 • ISSN: 1136-2677

CAMPAÑA NEUROTÓXICOS

A Asociación Galega de Apicultura AGA, ADEGA, FEG, e o SLG están a presentar mocións en todos os Concellos de Galiza para que editen un bando desaconsellando á xente a utilización de pesticidas sistémicos neurotóxicos, marca Confidor, tanto en hortas, froiteiras, patacas etc., e desaconsellando tamén a sementeira de millo con sementes tratadas con Gaucho ou Regent.

Tamén se están dando roldas de prensa nalgunhas cabeceiras de comarca para dar información sobre o perigo para as abellas, para a biodiversidade e a saúde humana que representan estes produtos, e distribuindo á prensa o suplemento do número 47 da revista Cerna, que informa abundantemente sobre o tema.

As últimas noticias que temos aínda escurecen máis este panorama, as abe-

llas desaparecen máis que nunca e en moitos casos aparecen comportamentos que nunca antes se observaran. Desaparecen en lugares onde aparentemente non se usan estes produtos, o que pode ser debido a que o vento e as augas transportan a grandes distancias estes venenos: o ano pasado detectouse a utilización de Confidor en fumigacións de eucaliptos, e a Universidade de A Coruña detectou estas moléculas nos ríos e regatos da comarca de Ferrol.

A Consellaría do Medio Rural e máis AGA están a punto de iniciar un traballo de campo, de tipo toxicolóxico, para ver a incidencia do problema, e logo realizar traballos analíticos. De todas formas, estes traballos, que poderían durar dous anos, xa están feitos en Francia e os resultados son concluintes, polo tanto hai que ir a prohibición destes pesticidas canto antes.

ADEGA-TRASANCOS II XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN AMBIENTAL DE FERROL

Adega-Trasancos organizou o pasado marzo, xunto coa *Plataforma polo transporte público e sustentábel de Ferrol*, as II Xornadas de Concienciación Ambiental, coa colaboración así mesmo do colectivo Lapis Verdes e o financiamento do Concello de Ferrol. Dedicadas ao transporte sustentábel, tiveron lugar o no salón de actos do Ateneo Ferrolán.

Os temas tratados foron os seguintes: Transporte e sustentabilidade no Concello de Ferrol (Amador Rodríguez Silvar), Novas solucións para o transporte rural (Miguel Pazos Otón), Achega do ferrocarril ao transporte sustentábel (José Luís Ordóñez), Privatización do ferrocarril (Rafael Camacho), A mobilidade sustentábel (Xan Duro), Urbanismo e sustentabilidade na rexión urbana A Coruña-Ferrol (Xosé Luís Martínez), e O transporte marítimo en Ferrolterra (Bernardo Maiz). Así mesmo tiveron lugar a presentación do vídeo "Un día con coche", a cargo de Diego Sánchez (Colectivo Peonil e Ciclista Eixo da Coruña) e sendas roldas de debate e intervencións como peche a cada unha das xornadas do evento.

A *Plataforma polo Transporte Público e Sustentábel de Ferrol* está constituída por Adega, Esquerda Unida-IU, CGT e Nós-Unidade Popular). A valoración das xornadas foi positiva, sexa polo nivel de asistencia (unhas 35 persoas cada día) como polo alto nivel dos relatorios. Adega-Trasancos espera estar novamente con todos e todas o vindeiro ano na organización das III xornadas de concienciación ambiental.



ADEGA-OURENSE

DEPURACIÓN EN PRECARIO EN TODA A PROVINCIA

ADEGA-Ourense vén traballando dende hai un tempo na elaboración dun informe sobre a situación das fosas sépticas nos concellos de Ourense. Presentáronse constantes denuncias diante dos organismos implicados na xestión, vixilancia e, se couber, sanción, sobre a xestión das augas residuais nos múltiples lugares e aldeas que contan con este sistema de tratamento.

Concluimos que todos os concellos da provincia contan cun deficiente ou nulo tratamento mínimo das augas residuais daqueles núcleos que non están obrigados a ter depuradoras. Porén, son os propios concellos os que negan ante a opinión pública que existan problemas de contaminación nas augas, falseando así a realidade.

A modo exemplificativo podemos salienta os seguintes datos:

- Concello de Toén: contaminación das fosas sépticas de Alongos e Puga. Expediente sancionador da Confederación Hidrográfica do Norte (C.H.N.). Multa proposta de 12.000 €.

- Concello de Muíños: contami-

nación das augas no lugar do Rañadoiro, con advertencia da C.H.N.

- Concello de Cea. Parroquias de Viduedo e Mandrás

- Concello de Celanova. Rotura do entubado no lugar de Vilanova dos Infantes. Sanción anterior de 12.000 € pola contaminación causada por seis fosas sépticas.

- Concello de Xinzo de Limia, expediente sancionador contra un particular por facer captacións ilegais no canal do río Limia.

- Concello de Verín. Importantes vertidos ao Támega (río declarado L.I.C.) nas parroquias de Mourazos, Queizás e Tamagos.

- Ourense. No barrio da Ponte, con 30.000 h., hai verteduras que están a causar graves problemas de contaminación no río Miño.

Por outra banda, o avance da reforma do PXOM de Verín recolle a petición de ADEGA para a protección do L.I.C. Río Támega, na zona coñecida como "Bosque do Pracer".

ADEGA-LUGO URBANISMO, LITORAL, VEGETACIÓN, IMPACTO AMBIENTAL... E MÁIS ROTEIROS

ADEGA-Lugo continúa co seguimento das canteiras no Caurel, ademais doutra que afecta ao concello de Pol, e dos encoros do Ulla. Na Mariña, ADEGA promoveu a creación da Coordinadora en Defensa do Litoral, ante a perspectiva da súa urbanización masiva ou de proxectos como o de Rinlo. Denunciouse a tala de vexetación autóctona, salientando as realizadas á beira do río Miño, no concello de Outeiro de Rei e O Corgo (na Fervenza). Tamén chamou a atención de ADEGA un proxecto de extracción e embotellado de augas en Serén (Friol) que afecta o uso gandeiro e agrícola de 450 hectáreas.

Na cidade de Lugo, ADEGA presentou un extenso documento de alegacións ante a grave ameaza que suporía a aprobación do proxecto do Plan Xeral de Urbanismo para o medio natural e rural: unha autovía de enlace innecesaria que afectaría ao contorno do Miño e a pretensión de multiplicar por tres a poboación do concello a través de urbanizacións e novas vivendas son, ao noso entender, un disparate a corrixir.

Tamén se potenciou a participación de novas entidades no Proxecto Ríos, realizáronse diversos roteiros e tamén os 4 programas semanais de Radio Cerna para unha extensa rede de emisoras municipais e privadas nas diferentes comarcas galegas.

ADEGA REIVINDICA A SÚA DECLARACIÓN COMO PARQUE NATURAL PENA TREVINCA

O domingo 21 de maio, cun roteiro por Pena Trevinca subindo ata Pena Escarvadoira, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza-ADEGA, vén de reclamar da Consellería de Medio Ambiente a declaración de PENA TREVINCA como parque natural en coherencia coa mesma figura de protección que xa teñen as ladeiras zamoranas destas serras que forman parte do PARQUE NATURAL LAGOS DE SANABRIA.

Con este roteiro por Pena Trevinca, ADEGA quixo manifestar tamén a súa oposición ao megalómano proxecto de estación de esquí que están a promover o alcalde e empresarios do concello e comarca de A VEIGA, tanto polo seu inasumíbel impacto ambiental, como porque suporía unha inaceptábel dilapidación de cartos e enerxía nunhas


infraestructuras que só poderían funcionar pouco máis dun mes ao ano e á base de innivación artificial.

Con este acto, ADEGA sumouse ademais á campaña de Redemontañas que este domingo día 21 realizaron até unha trintena de subidas e roteiros pola montaña para reivindicar a aprobación xa da Carta das montañas que botaba a andar no 2002 con motivo da celebración por parte da ONU do ano internacional das montañas.

A esta reivindicación sobre Pena Trevinca unimos tamén a reivindicación sobre as demais montañas de Galiza que como o caso do Courel, tamén proposto como Parque Natural, está a ser afectado gravemente pola explotación de canteiras e as ameazas de parques eólicos.



Ramsés Pérez



Ramsés Pérez

ALVARELLA
ECOTURISMO

Turismo e Natureza

- ◆ Aula de natureza
- ◆ Actividades de educación ambiental
- ◆ 60 prazas no ALBERGUE e 8 na CASA
- ◆ Turismo cultural
- ◆ Rutas de sendeirismo
- ◆ Obrodoiros
- ◆ Xogos ambientais
- ◆ Xogos tradicionais
- ◆ Horto ecolóxico
- ◆ Enerxías renovables
- ◆ Piscina
- ◆ Pista deportiva
- ◆ Servizos concertados de piragüismo, vela e cabalos

Breanca Doraña s/n 15637 Vilamaior A Coruña
Tif./fax 981.79.88.63 info@alvarella.com

www.alvarella.com

Achégate ó Parque Natural das Fraças do Eume

O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA PARALIZA AS OBRAS DA PISCIFACTORÍA

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) comunicoulle a ADEGA o pasado 12 de xuño a estimación dos recursos presentados pola Asociación contra o levantamento da medida cautelar de paralización das obras da piscifactoría de Rinlo. Ante esta decisión, ADEGA exixiu das consellarías de Medio Ambiente e de Pesca o cambio de ubicación da piscifactoría. Doutra maneira, a Xunta de Galicia sería cómplice da política de feitos consumados practicada pola empresa, que se apoia nunha licenza ilegal do concello de Ribadeo.

Trátase da granxa de engorde de rodaballo que Acuinor está a contruír en Rinlo (Ribadeo), en terrenos de Rede Natura. Ademais de declarar ilegal a licenza outorgada polo Concello de Ribadeo, o TSXG tamén desestimou o recurso deste concello contra o auto de paralización das obras do vulgado nº1 de Lugo, promovido por ADEGA. Xa en agosto de 2005, membros de ADEGA puxéranse diante das máquinas para denunciar a ilegalidade das obras.

Con esta sentenza, o TSXG acaba de dictaminar que é ilegal a utilización do solo protexido sob a forma de declaración de Rede Natura e Lugar de Interese Comunitario, para outra cousa que non teña que ver coa finalidade de conservar os hábitats de interese prioritario. Literalmente, o auto do TSXG di: "debe ser de prevalente consideración o interese público vinculado á actuación da Administración Autonómica no obxectivo de preservar os hábitats e o medio natural".

ADEGA valorou positivamente a prevalencia do Estado de Dereito por cima das especulacións e componendas seudolegais en materia de disposición do solo, que viñan sendo costume na Galicia, especialmente até o cambio de goberno no verán de 2005. "Celebramos a resolución do TSXG, que nos fai ser máis optimistas face á nosa defensión nun estado de dereito", afirmou Adela Figueroa, presidenta de ADEGA.

Montse Lombardía



Mais ADEGA tamén lamentou que teña que ser a Administración de Xustiza a que impoña este hábito. Non debería de ser necesario que unha organización sen ánimo de lucro como ADEGA teña que manter un proceso tan longo para facer o que é obriga dos responsábeis da Administración Galega.

A longa loita xurídica que ADEGA mantén con Acuinor en Rinlo é algo máis que un caso isolado de oposición a un proxecto empresarial. "De cómo se resolve este caso depende o futuro da conservación dos nosos espazos naturais e a forma en que as instalacións acuícolas fan uso dos nosos recursos", afirmou

Daniel López Vispo, secretario Xeral de ADEGA. As Consellarías de Medio Ambiente e de Pesca deberían buscar unha ubicación a este tipo de industrias que non xere impactos nos espazos protexidos.

No caso de Rinlo dábase ademais unha situación de "agravio comparativo" coa piscifactoría que Pescanova tiña previsto instalar en Touriñán, tamén en terrenos de Rede Natura, e que non foi autorizada pola Xunta. Mais o agravio comparativo tamén se dá coa Rede Natura asturiana, xa que este mesmo proxecto fora desautorizado en dúas localidades do país veciño.

©Alberte SR



Espazos naturais e aldeas do litoral acusan unha verdadeira ola destrutiva da que son protagonistas urbanizacións e algúns proxectos industriais como as piscifactorías

O PR INICIOU A CAMPAÑA DE PRIMAVERA CON PRESENTACIÓN, SAÍDAS E CURSOS DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO

PROXECTO RÍOS

ADEGA está a impulsar o Proxecto Ríos (www.proxectorios.org), que pretende contribuír a busca de solucións aos problemas ligados aos ecosistemas fluviais e a incrementar a conciencia ambiental sobre eles, partindo do principio da participación da cidadanía.

A proposta de traballo do Proxecto Ríos baséase na inspección das condicións ecolóxicas dos ríos, realizada por voluntarios/as locais responsábeis da vixilancia e protección dun treito do río seleccionado por eles. Para a realización da inspección entrégaselle aos participantes un material gratuito que inclúe un manual de inspección e fichas identificativas de macroinvertebrados, peixes, mamíferos, plantas, árbores e arbustos, anfibios e réptiles, e patrimonio etnográfico, que facilitarán o estudo do ecosistema fluvial.

As inspeccións realízanse en dúas campañas, a campaña de primavera (do 15 de abril ao 1 de Xuño) e a campaña de outono (do 15 de Setembro ao 1 de Novembro).

Neste novo ano, os convenios coas Direccións Xerais de Xuventude e Solidariedade (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar) e Desenvolvemento Sostible (Consellaría de Medio Ambiente), permitiron a consolidación do proxecto, e a elaboración dun programa estábel de actividades máis aló das dúas campañas, como son os Cursos de Formación, o Encontro Itinerante Interrios, os II Encontros de Voluntariado, a celebración o día 23 de Setembro do día do Río, así como a realización de charlas e saídas informativas en todos os concellos que o soliciten.

Nesta nova campaña realizáronse presentacións en diferentes concellos que permitiron achegar o proxecto a cidadanía, así como as ferramentas precisas para a realización da inspección. Na actualidade contamos con 7 Concellos Colaboradores: Miño, Santiago de Compostela, Ames, O Porriño, Lalín Carballo e Guitiriz; os concellos de Boiro, Cuntis, Arteixo e Allariz están en trámites de asinar a participación. A presenza

do Proxecto Ríos nos Concellos incrementarase con novas presentacións.

A formación dos/as coordinadores/as de grupo é fundamental para o desenvolvemento axeitado do proxecto, para melloralas dende o Proxecto Ríos coordináanse dous cursos de formación de Coordinadores/as de grupo (un en cada campaña). O pasado 6 de maio realizouse o III Curso de Formación de coordinadores/as de grupo, na Estación

O III Curso de Formación de coordinadores/as de grupo, na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con, tratou do recoñecemento dos macroinvertebrados como bioindicadoras da saúde do río

de Hidrobioloxía do Encoro do Con, onde incidimos como cada ano no recoñecemento dos macroinvertebrados, especies fundamentais no noso traballo ao seren bioindicadoras da saúde do ecosistema fluvial. Desta volta afondouse tamén noutro ámbito de interese para o proxecto: as especies invasoras (flora e fauna), debido aos problemas que causan, polo que aprendemos a recoñecelas e algunhas medidas para evitar a súa expansión. Contamos coa participación de 35 coordinadores/as, sendo a maioría profesorado de secundaria.

Dentro do programa de actividades estábeis, para os próximos meses destacan dúas:

Virginia Rodríguez e Montse Lombardía

- II Encontro de Voluntariado do Proxecto Ríos, que terá lugar o día 17 de Xuño, no Concello de Lalín (entidade Colaboradora do PR), no que todo o voluntariado do Proxecto Ríos está convidado a participar mediante a presentación de experiencias, relatorios e traballos. A programación pódese consultar na páxina web do proxecto.

- I Encontros Itinerantes Interrios, que pretenden ser un espazo de encontro do voluntariado da mocidade galega, catalá e portuguesa. Durante 9 días (14-23 de Xullo), percorrерemos a xeografía galega, achegándonos aos ríos mediante actividades lúdicas e formativas (ver anuncio nesta revista).

O Proxecto Ríos conta con cerca de 170 grupos repartidos por toda a xeografía galega.

Para sumarte ao Proxecto Ríos:

+ info@proxectorios.org

+ www.proxecto.rios.org



Ramsés Pérez



Ramsés Pérez

Nas fotos: grupos de voluntariado de Lalín logo da saída formativa

ADEGA PARTICIPA NO V CONGRESO IBEROAMERICANO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EN JOINVILLE-BRASIL

EDUCACIÓN AMBIENTAL NA CIDADE DAS BICICLETAS

Ramsés Pérez*

En Joinville (sur do Brasil), os repartidores de periódicos traballan en bicicleta, as mercas fanse en bicicleta e a cidade ten un museo da bicicleta, por iso Joinville é tamén coñecida como a cidade das bicicletas. A elección desta cidade é un bo marco para falar da educación ambiental (EA) que se está a facer en Iberoamérica, para coñecer experiencias e programas, e para debater sobre a EA que queremos para os próximos anos. Ao igual que a bicicleta é un bo exemplo dunha peza importante para acadar a sustentabilidade (aínda que non a única) a EA pode ser tamén unha importante ferramenta estratéxica (tampouco a única) para camiñar cara a un desenvolvemento que sexa simultaneamente ecolóxico e socialmente xusto.

Os Congresos Iberoamericanos de Educación Ambiental naceron en 1992 (Guadalajara, México) coa finalidade de propiciar un espazo de encontro da comunidade de educadores e educadoras ambientais iberoamericanos. Continuou en México (1997), Venezuela (2000) e Cuba (2003).

En Brasil, o V Congreso, baixo o lema Contribución da Educación Ambiental para a Sustentabilidade Planetaria, reuniu a preto de 6.000 participantes de toda Iberoamérica para debater sobre a Educación Ambiental, analizar as propostas actuais, así como establecer liñas de acción futuras. ADEGA participou por primeira vez neste evento presentando os seus proxectos de Educación Ambiental, Compostaxe Caseira e Proxecto Ríos.

Celebrado entre o 5 e o 8 de Abril, a Inauguración contou coa presenza entre outros/as da Ministra de Medio Ambiente, Marina da Silva. Durante a apertura oficial fíxose a presentación do SIBEA, Sistema Brasileiro de Información sobre Educación Ambiental, e do portal EA.NET. Pensado como unha ferramenta máis de divulgación da EA, conta cunha páxina web (www.canal-ea.net) que permitiu a visión en tempo real das distintas actividades do Congreso.

Ao longo dos 4 días, o IBEROA ofreceu unha intensa programación con palestras marco, mesas redondas, oficinas, minicurso, grupos de traballo e presentación de comunicacións orais e de paneis, así como actos lúdicos, festas e presentación de libros e outros materiais. As palestras versaron sobre temas como educación, medio ambiente e globalización (Carlos Walter Porto), a relación da sustentabilidade ambiental coas dimensións económica, política e socio-educativa (Marcos Sorretino), ou a complexidade e racionalidade ambiental e o papel da educación ambiental en Latinoamérica (Enrique Leff).


Nas mesas redondas traballáronse temas como a Carta da Terra, a controversia entre a EA e a educación para o desenvolvemento sustentábel, as políticas de fomento para a educación ambiental, o papel da educación ambiental na aplicación das convencións internacionais, a dimensión cultural no deba-

te da sustentabilidade ambiental (unha das máis concorridas), e a necesidade de preservar as identidades e os saberes das poboacións tradicionais.

Desde a achega galega, compre destacar unha comunicación oral de Virginia Rodríguez, coordinadora do Proxecto Ríos e vicepresidenta de ADEGA, dentro da área temática de EA e Redes, baseada na experiencia do Proxecto Ríos. Por outra banda, Pablo Meira, profesor de EA na Universidade de Santiago de Compostela, participou na mesa redonda sobre o Papel político e pedagóxico da Educación Ambiental.

Coa participación neste evento, ADEGA ven a confirmar a súa aposta pola educación ambiental e a importancia que esta ten no labor dunha organización ecoloxista galega. A presenza de ADEGA neste encontro de persoas, ideas e desexos é fundamental para o intercambio de experiencias, o fortalecemento de redes e o estímulo para un debate permanente na construción de novas políticas en EA. En www.5iberoea.org.br pode atoparse máis información sobre este evento e proximamente conterà as actas e os documentos de conclusións que resultaron dos foros e os traballos realizados.

*Ramsés Pérez é Responsábel de Educación Ambiental de ADEGA



Virginia Rodríguez, Vicepresidenta de ADEGA, entrevistada polo canal-ea.net

I SIMPÓSIO DE EDUCAÇÃO AMBIENTAL DOS PAÍSES LUSÓFONOS

(O II Simpósio terá lugar en Galiza)

Durante o IBEROA desenvolveuse como evento satélite o I Simpósio de Educación Ambiental dos Países Lusófonos, baixo o lema, "Educação Ambiental no mundo das diferenzas culturais, temáticas e perspectivas" coa intención de propiciar oportunidades para o diálogo e intercambio de ideas nos países de fala galego-portuguesa.

Educadores e educadoras da Galiza, Portugal, Brasil e Cabo Verde discutimos estratexias e vías para a realización de iniciativas e o impulso de políticas comúns no campo da educación ambiental. Un dos acordos adoptados neste foro foi a celebración do seguinte Simposio Lusófono na Galiza, desvinculado do que será o VI Congreso Iberoamericano de EA, a celebrar en Arxentina en datas por determinar.

Libros

GUIA DOS EQUIPAMENTOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL NA GALIZA E OUTRAS INSTALACIÓN S PARA A DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO

Araceli Serantes Pazos
Ed. CEIDA. 164 páxinas

Achéganos un minucioso rexistro dos equipamentos galegos en que se traballa na divulgación do patrimonio. É de interese para educadores ambientais, intérpretes, ecoloxistas, profesores/as, técnicas/os de concellos, etc.

A obra permite un achegamento teórico aos equipamentos no ámbito da educación ambiental e presenta as súas características e tipoloxía, así como a súa traxectoria e evolución. Xa no capítulo tres, a autora presenta os estudos e investigacións sobre os EqEA Galegos, así como unha caracterización das iniciativas e da oferta coa que contan.

O capítulo cuarto conta cunha listaxe dos equipamentos galegos, que poden ser localizados nun mapa ou seleccionados segundo o tipo de oferta (centros de visitantes, aulas da natureza, granxas-escola, museos, zóos ou as denominadas -sen uso-). No apartado dedicado a cada un dos 111 equipamentos, Araceli Serantes Pazos realiza unha pequena descrición de cada un deles (barreiras no acceso, actividades para os escolares, material de apoio, etc), indica que tipo de equipamento é, e fai unha valoración de diversos aspectos como o acceso de autobuses, o aloxamento, o comedor, etc.

O libro inclúe unha relación de bibliografía, un anexo con lexislación e outros aspectos como a Carta Galega de Calidade dos centros de EA, da que a autora elaborou o seu borrador.



O RÍO ANIMADO

Biodiversidade dos ecosistemas acuáticos galegos

Fernando Cobo, Marcos González, Rufino Vieira e María X. Servia
Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" (USC). Santiago, 2006

O libro ábrese cun prologo do coñecido profesor e pescador Juan José Moralejo Álvarez e constitúe unha excelente mostra fotográfica e descritiva de parte desas 1300 especies animais correspondentes a uns 150 grupos de macroinvertebrados que viven nos nosos ríos. Trátase dunha edición en forma de libro dos paneis da exposición elaborada con motivo da "Semana da Ciencia en Galiza 2005". Consta de 36 paneis temáticos e 18 grandes fotografías ao longo dos que se nos presenta unha síntese da ecoloxía fluvial e algúns dos seus protagonistas. Entre os títulos dos paneis podemos ler, por citar algúns, "Entre a terra e a auga, diversidade da flora", "Endemismos, especies únicas", "Baixo o dominio da corrente", "A circulación da enerxía" ou "Factores de ameaza".

A reserva de exemplares pode facerse chamando ao teléfono 986 56 56 40, e o libro pode adquirirse directamente na Estación de Hidrobioloxía "Encoro do Con" ou no Departamento de Bioloxía Animal da Facultade de Bioloxía da USC.

+<http://www.usc.es/ehec>

ARREDOR DOS GRELOS

Ed. Concello de Ames. Cancellaría de Medio Ambiente. 36 páxinas

Primeira entrega dunha colección que terá continuidade cos títulos *Arredor das castañas* e *Arredor das patacas*. Neste primeiro número preséntansenos dende diversas perspectivas este produto tan típico da nosa terra e tan ligado á nosa cultura. No libriño tócanse diversos aspectos desta planta, orixe e clasificación, descrición e nomenclaturas dos principais cultivos, fálanos do seu cultivo e das principais pragas así como cantigas ou o xogo de arrincar os nabos. Remata o libro, como non podía ser doutra maneira, coas características nutritivas dos grelos e, por suposto, inclúe receitas achegadas por veciñas de diferentes partes do país.

DVDs

BABDAGRAP

Arturo Cisneros Samper
Duración: 75 min (Español e inglés)
www.bagdadrapp.com

Antes do bombardeo, en Bagdad líase nas escolas, as prazas rebulían de vida e os albaneis levantaban casas... logo do bombardeo viñeron máis bombardeos e a prometida paz e democracia está a piques de se converter en guerra civil.

A ritmo de hip hop cóntansenos historias que poucas veces saen nos medios, voces dos habitantes desta cidade e de brigadistas que chegaron a Bagdad días antes do bombardeo e que permaneceron ali despois destes. Caras con nomes propios e historias nun documental que xoga con imaxes actuais e de arquivo e coa música feita "ad hoc", por algúns dos e das máis importantes rapeiros do Estado español, Frank T, Ari, Selektá Kolektiboa...

Inclúe unha proposta didáctica para traballar a película nas aulas.

Na rede



MCDONAL'S VIDEOGAME

Idea Molleindustria (Español, inglés e italiano)
www.molleindustria.org

McDonal's VideoGame é o último programa de Molleindustria, un proxecto que reúne a artistas de Milán coa finalidade de crear "Xogos políticos contra a ditadura da industria do entretemento". A súa última creación, que se pode descargar de balde da súa páxina, é unha intelixente e lúdica maneira de achegarse ao mundo da transnacional da hamburguesa inaquí por autonomía.

O vídeo xogo é unha parodia dixital de McDonal's, unha maneira de mostrar algúns dos "inconvenientes" da actividade desta empresa: destrución das selvas tropicais, non sustentabilidade no terceiro mundo, desertización, precariedade nas condicións de traballo, envelenamento dos alimentos, etc.

@ xogador/a ten a posibilidade de controlar este inxente emporio, mais non é sinxelo facer cartos: haberá que controlar todo o proceso de produción, o sector agrícola, a granxa de engorde, o fast food... aumentar a produción empregando soia modificada xeneticamente, usar hormonas de engorde, talar hectáreas de selva tropical ou empregar outros recursos. Son só os primeiros pasos para comezar o xogo.

I Encontro Itinerante Interríos xullo 2006

14-23 xullo

18-30 anos

Galiza



Programa

ESTOS ENCONTROS SON DE BALDE

- Venres 14** Recepción dos participantes no Museo do Pobo Galego e saída para A Fervenza do Toxa
- Sábado 15** Os Ríos na Galiza: A participación cidadá na defensa dos ríos
- Domingo 16** Rafting no Río Ulla
- Luns 17** Os Ríos da Galiza: Reserva da Biosfera Terras do Miño
- Martes 18** Río Eo, un dos ríos galegos sen encoros
- Mércores 19** As fontes do pai Miño
- Xoves 20** O Sabiñao, Ecomuseo
- Venres 21** Os Ríos da Galiza, descenso en canoa polo canón do Sil
- Sábado 22** Usos tradicionais da auga e festa final do encontro
- Domingo 23** Día libre, volta a Santiago de Compostela

(+ info e preinscricións en www.proxectorios.com)

Promove:



Colaboran:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade

Proxecto Ríos

Praza Camilo Díaz Valiño nº15, 2ªA
15.704 Santiago de Compostela

Tfno: 650 261 263 Fax: 981 57 00 99

info@proxectorios.org e www.proxectorios.org



DEPURACIÓN NATURAL DE AUGAS RESIDUAIS

Manuel Soto, Pilar Barros e Virxínia Rodríguez

Galiza sofre un considerábel atraso en tratamento de augas residuais. Segundo datos oficiais para o ano 2004 (Ministerio de MA, 2005), un 35% da carga contaminante non cumpría a normativa europea de tratamento de augas residuais urbanas. Había 152 Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR), mais unha parte considerábel delas non funciona adecuadamente ou ten unha capacidade insuficiente. Todo isto fai que a porcentaxe de vertidos sen depuración ou cunha depuración deficiente sexa aínda moi superior.

Segundo se argumentou en ADEGA-Cadernos nº 11, unha das razóns deste atraso é a carestía das tecnoloxías convencionais, tanto no que se refire a custos de instalación como, sobre todo, de mantemento e operación das mesmas. A isto hai que sumar os elevados consumos enerxéticos, a transferencia de contaminación a outros medios (vía atmosfera ou a través dos lodos) e a falta de flexibilidade para adaptarse ás fluctuacións de caudais que aparecen maximizadas naqueles esquemas de saneamento fortemente centralizados.

Neste sentido, o conselleiro de medio ambiente da Xunta de Galiza, Manuel Vázquez, nunha entrevista aparecida no número 45 de Cerna, afirmaba que estaba a descubrir un país que lle puña os pelos de punta, referíndose ás obras de saneamento e depuración da ría de Ferrol, valoradas en 150 millóns de euros: "O saneamento da parte norte da Ría de Ferrol é unha obra faraónica: furar unha montaña ao longo de sete km, eliminar media montaña... iso custa miles e miles de millóns de pesetas. Para cando o saneamento das rías?. Tiñamos que cumprir a Directiva a 31 de xaneiro deste ano 2005, pero seguimos incumpríndoa" afirmaba o conselleiro.

Así as cousas, continúa a contaminación dos nosos ríos e augas litorais. Expertos en hidrobioloxía afirman que o 80% ou o 90% dos nosos leitos fluviais recibe vertidos contaminantes de forma esporádica ou permanente. O consumo de oxixeno, a colmatación dos leitos por partículas e a acumulación de substancias non biodegradábeis son as principais ameazas da contaminación das augas na Galiza.

O modelo de saneamento vixente maniféstase non sustentábel, desde a dobre perspectiva económica e ambiental. Compre pois un debate en profundidade sobre saneamento e o control da contaminación, incluíndo a prevención da contaminación, a redución do consumo de auga, e a promoción de sistemas máis sinxelos, naturais e de baixo custo para a depuración como os que describimos no presente artigo.

AS AUGAS RESIDUAIS URBANAS

As variábeis que determinan a composición e o caudal das augas residuais urbanas son os hábitos da poboación en canto a alimentación, hixiene, utiliza-

ción dos recursos, etc., a recollida ou non de pluviais na rede de sumidoiros e a maior ou menor achega de efluentes industriais e do comercio.

O contido en materia orgánica dunha auga residual exprésase mediante o seu valor en Demanda Química de Oxixeno (DQO). Outro parámetro importante é a Demanda Biolóxica de Oxixeno (DBO) que, xunto coa DQO, determina o potencial de consumo de oxixeno no medio natural. O contido en partículas en suspensión (SS), a salinidade, o contido en nutrientes, o contido en metais pesados e outras substancias químicas específicas, e o potencial ou poder tóxico, son tamén factores importantes a ter en conta. Cada efluente particular presenta unhas características propias que deben ser analizadas en cada caso, tanto para determinar o seu impacto ambiental como para definir, deseñar e operar as instalacións de depuración.

Os efluentes residuais da área de A Coruña (agora centralizados en Bens) presentan unha concentración orgánica media-alta, mentres que os efluentes de Santiago de Compostela son diluídos ou moi diluídos, debido ao maior peso das augas pluviais e a infiltración desde o terreno á rede de sumidoiros; neste último caso, o caudal global é moi superior ao que correspondería polo consumo de auga. Os efluentes residuais de núcleos e áreas rurais mostran características máis variábeis tanto no tempo como dun lugar a outro. O contido en nutrientes e metais pesados nas augas residuais urbanas aparece en xeral baixo, agás casos concretos. Os vertidos de polígonos industriais mostran características de concentración moi variábeis, baixo contido en nutrientes e toxicidade media-alta.

TRATAMENTO ANAEROBIO

Este tipo de tratamento baséase na dixestión da materia orgánica por parte de microorganismos anaerobios que viven en ausencia de oxixeno, obténdose como resultado desta degradación un biogás constituído por metano e dióxido

NOVIDADES XERAIS

ROTEIROS XERAIS


Vigo e comarca camiñando

Xosé Ramón Varela

20 rutas doadas e circulares
Con mapas, rutómetro, consellos e fotografías

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>



de carbono, xunto con algúns outros gases en concentracións baixas. A dixestión anaerobia permite eliminar entre o 70 e o 90% das partículas en suspensión, e entre o 50 e o 80% da materia orgánica medida como DQO ou DBO. O efluente tratado por dixestión anaerobia pode requirir un postratamento adicional.

Este proceso caracterízase por unha elevada eficiencia enerxética e unha baixa produción de lodos de depuración. Comparativamente cos procesos de depuración por aireación, tales como o de lodos activos, o proceso anaerobio resulta máis simple en canto a instalacións, non require bombeo de aire polo que mesmo pode funcionar sen abastecemento eléctrico.


Dentro das diferentes tecnoloxías de tratamento anaerobio de augas residuais, foron os dixestores de fluxo ascendente sobre manto de lodos (UASB: upflow anaerobic sludge bed) os que acadaron unha aplicación importante na depuración de augas residuais urbanas.

DEPURACIÓN EN HUMIDAI S CONSTRUIDOS

Os humidais construídos son sistemas de depuración naturais que se caracterizan pola súa simplicidade de operación, un baixo ou nulo consumo enerxético, unha baixa produción de residuos, un baixo impacto ambiental sonoro e unha boa integración no medio ambiente rural. Estes sistemas requiren unha superficie de tratamento moi superior á dos sistemas convencionais de depuración, polo que a súa aplicación en países que contan con un uso intensivo do territorio limitase a pequenas poboacións, no noso caso de até uns 2.000 habitantes de forma xeral, e en casos concretos tamén para vilas ou aglomeracións de até 20.000 habitantes equivalentes. Os humidais construídos tamén se poden utilizar para restaurar ecosistemas e entón a depuración pasa a ser un obxectivo complementario.

Os humidais construídos tratan de reproducir de forma controlada os procesos de depuración propios de sistemas naturais tais como brañas, xunqueiras ou carrizais. Para iso, constrúense balsas de escasa profundidade (até 0,6 m), que se illan pola base e zonas laterais para evitar a perda de auga residual e a súa infiltración ao

O SANEAMENTO COMEZA NO FOGAR



O saneamento comeza sempre no fogar e continúa co transporte dos residuos e o seu tratamento nas instalacións de depuración. Calquera alternativa sustentábel deberá considerar todas as fases do proceso, desde a orixe ou lugar onde se xeran os residuos, e por tanto comezará no momento mesmo do uso da auga no fogar.

Así, entre as medidas de redución do caudal e da contaminación das augas, así como de saneamento e depuración sustentábel, están a modificación dos hábitos cotiáns de uso da auga, os equipamentos domésticos de baixo consumo de auga fresca, o aproveitamento dos recursos contidos nos

residuos e nas augas residuais, a recollida separada e tratamento específico de diferentes correntes residuais, e as tecnoloxías de depuración naturais e de baixo custo.

Abondará coa adopción de medidas do tipo das dúas primeiras indicadas para poderemos atinxir unha redución no consumo de auga fresca de até o 80%. O aproveitamento dos recursos contidos nas augas residuais (materia orgánica, nutrientes, enerxía...) tamén require a planificación do saneamento desde o inicio da cadea, e as principais alternativas baséanse na recollida separada daquelas fraccións que, como a ouriña, conteñen elevadas concentracións de nutrientes tais como o nitróxeno, o fósforo e o potasio. A xestión conxunta das augas negras e a fracción orgánica do lixo (residuos da cociña) permite a obtención de enerxía na forma de biogás. O aproveitamento do biogás resulta viábel para colectividades duns 250 habitantes ou máis.

+ Info: Adegas-cadernos nº 11 e 12.

ADEGA-CADERNOS 11 E 12



Estes Cadernos tratan dúas cuestións que até o de agora teñen recibido pouca ou nula atención na Galiza, como son a prevención do consumo e contaminación da auga, e as alternativas de saneamento.

ADEGA-Cadernos nº 11 sitúase nun contexto de debate científico sobre a necesidade dunha nova cultura da auga, e comeza por prestar especial atención a percepción sociocultural da auga pola sociedade galega tradicional, nun escenario que poderíamos denominar de sustentabilidade e no que a auga xogaba un papel cotián e de grande importancia. Describe os impactos que os usos actuais, nunha Galiza cun alto nivel de consumo, están a causar nos ecosistemas acuáticos galegos. Centra a atención na prevención do consumo de auga e da súa contaminación, con exemplos e alternativas tanto do sector industrial como do doméstico. Inclúe, por último, unha avaliación das alternativas de xestión e tratamento das augas usadas.

ADEGA-Cadernos nº 12 complementa os contidos do anterior, e aborda cuestións relativas ao desenvolvemento e promoción de tecnoloxías naturais para a depuración de augas residuais, centrándose na dixestión anaerobia e nas zonas húmidas construídas, e describe a súa aplicación e viabilidade a zonas rurais.

terreo, e reínchense cun material filtrante tal como grixos e areas de uns 5-8 mm de diámetro. Este material fai a vez de solo para a fixación das plantas, e a través del ha de circular a auga residual que queremos tratar.

O proceso de depuración é maiormente bacteriano (similar ao dos procesos biolóxicos convencionais de tipo aerobio e anaerobio), no que a presenza das plantas e a súa rizosfera xoga un papel importante e aínda non ben coñecido, ademais de constituir o principal

elemento de integración paisaxística e naturalización.

SISTEMAS DE DEPURACIÓN DIXESTOR-HUMIDAL

En definitiva, os sistemas de depuración descentralizados e de baixo custo resultan axeitados para a súa aplicación á zonas rurais, e os seus baixos requirimentos tecnolóxicos e enerxéticos, xunto cunha moi baixa ou nula xeración de lodo, son factores de sustentabilidade a ter en conta. Neste sentido, a com-

binación da dixestión anaerobia con tratamentos naturais en zonas húmidas constitúe unha fórmula nova de grande interese. As razóns a favor do uso combinado destas dúas tecnoloxías son as seguintes:

- A dixestión anaerobia permite un pretratamento de grande importancia para o correcto funcionamento do humidal, ao tempo que permite reducir a área de terreo necesaria.

- O humidal, correctamente deseñado e dimensionado, permite acadar unha elevada calidade do efluente tratado.

- Ambas tecnoloxías manteñen as características de sustentabilidade derivadas dun baixo ou nulo consumo enerxético e xeración de lodo, baixos requirimentos tecnolóxicos e facilidade de mantemento, e baixos custos de operación.

Neste artigo, resumimos algúns exemplos de proxectos e realizacións baseados nas tecnoloxías de dixestión anaerobia e humidal levadas a cabo en Galiza.


CASO 1: HUMIDAIIS PARA A PEREGRINA (COMPOSTELA)

No ano 2001 realizouse un traballo no que se analizaron os principios básicos dos humidais construídos, describindo ademais diferentes exemplos prácticos que ilustran o seu potencial, e incluíndo o deseño dunha zona húmida pensada para o tratamento dos efluentes urbanos do núcleo de A Peregrina, en Santiago de Compostela. Este traballo recibiu un dos premios do I Concurso Medioambiental *Ecoideas 2001* do Concello de Santiago.


CASO 2: DIXESTOR UASB EN A SILVOUTA

Un dixestor anaerobio a escala piloto, cun volume activo de 25,5 m³, situado na EDAR do Concello de Santiago de Compostela en A Silvouta, trata uns 50 m³/día (200 habitantes equivalentes) de auga residual. O dixestor obtivo unha eliminación de materia orgánica de aproximadamente un 60%, en condicións de inverno.

Este mesmo dixestor pode empregarse para tratar un caudal maior, duns 150 m³/día (600 habitantes equivalentes), constituíndo un pretratamento de grande interese, xa que permite a eliminación do 60-90% dos sólidos en sus-



CARBALLO
PORTA DA COSTA DA MORTE



concello de
CARBALLO

www.carballo.org

ADEGA RESPONDE A PESCANOVA

ADEGA apoia a actuación da Consellaría de Pesca, que denegou a autorización de asentamento da piscifactoría en Touriñán e foi obxecto das críticas do xerente de Pescanova. Non se trata dunha arbitrariedade política senón do estrito cumprimento da legalidade vixente. A península de Touriñán integra un espazo da Rede Natura, declarado ZEPVN (zona de especial protección dos valores naturais) onde están presentes hábitats prioritarios de interese europeo. De acordo coa Directiva 92/43 de Hábitats, só se podería xustificar unha instalación destas características alegando razóns de seguridade ou saúde pública, ou outras razóns imperiosas de primeira orde relacionadas co medio ambiente. A lexislación ambiental está para ser aplicada igual que calquera outra e ademais a toda persoa e entidade por igual, exige ADEGA.

Constituiría tamén unha auténtica inxustiza social que alí onde os veciños de Touriñán non puideron facer a súa casa ou o seu negocio por tratarse dun espazo protexido, puidera vir a instalarse unha piscifactoría que ocupa 360.000 metros cadrados con un impacto ambiental e paisaxístico moito maior.

ADEGA denuncia que as autorizacións favorábeis concedidas pola administración anterior, en Xullo de 2005 e co goberno en funcións, son o resultado dunha escandalosa conivencia da anterior administración co promotor, da que os señores Álvarez Sousa e López Veiga son perfectamente coñecedores. Un trato de favor que mesmo roza coa prevaricación, pois está claro que Pescanova comprou os terreos para a piscifactoría no ano 2002 sabendo que a Lei do Solo de Galiza non permitía estas

instalacións dentro de solo rústico de protección de espazos naturais. A pregunta é obrigada: como podía saber Pescanova que a Lei do Solo ía a ser modificada en decembro de 2004 para, casualmente, habilitar o asentamento de piscifactorías en espazos protexidos do litoral?


É absolutamente inmoral que a empresa trafique coa situación de miseria e abandono da poboación para xustificar a cambio duns poucos postos de traballo, o asentamento desta piscifactoría nun espazo protexido.

Veciños e administracións deben estar unidos na conservación dos recursos naturais e do patrimonio etnográfico e histórico cultural da zona, e na posta en valor deste potencial de desenvolvemento económico estábel.

RINLO: A MESMA SITUACIÓN, DISTINTO TRATO

Os emprazamentos das piscifactorías de Rinlo (Ribadeo) e de Touriñán (Muxía) pertencen ambos a espazos da Rede natura 2000, e en ambos lugares existen hábitats de interese prioritario. Os dous expedientes seguiron as mesmas pautas, con declaración de impacto ambiental en maio (Rinlo) e xullo (Touriñán) de 2005, e a aprobación do proxecto sectorial o 28 de xullo de 2005, en ambos casos. Lembramos que esta tramitación tivo lugar dentro do período de funcións do anterior goberno da Xunta. ADEGA pregúntase se o Lugar de Interese Comunitario LIC de As Catedrais na costa de Lugo ten menos valor, non xa que os de Asturias (onde ese proxecto foi rexeitado), senón que os demais espazos da nosa Rede Natura do litoral.

EN DEFENSA DOS PENEDOS




Alén do traballo desenvolvido en Touriñán, ADEGA-Costa da Morte está implicada na defensa dos Penedos de Pasarela e Traba, nos concellos de Vimianzo e Laxe. O proxecto de reabertura dunha canteira, que conta co total apoio do alcalde de Vimianzo, destruíría esta "cidade da imaxinación" presente nun espazo da Rede Natura. O argumento é o de sempre, postos de traballo e riqueza para a comarca, e para iso falan de 300 postos por máis que no proxecto da empresa só figuran 5.

Cómpre xa tomar en serio a Rede Natura e legislar para facer efectiva a súa protección antes de que haxa que dar de baixa algún espazo pola súa degradación. E compre tamén espantar os depredadores humanos que constantemente están a facer proxectos: canteiras, parques eólicos, piscifactorías, urbanizacións, etc. Cunhas normas de uso claras mesmo se evitarían conflitos e reiterados enganados á poboación por parte das empresas e de certos políticos.

Despois da oferta feita por ADEGA, creouse unha plataforma na defensa dos penedos, acordou facer un roteiro o día 11 de xuño como primeira medida, e elaborar un tríptico, cartaces, camisetas e unha serie de foto-postais.

Dado que a solicitude unánime do Parlamento galego de declaración de Monumento Natural parece que non vai co alcalde de Vimianzo, agardamos que máis asociacións da Comarca se sumen aos obxectivos da plataforma na defensa dos penedos.





Humidais demostrativos en A Silvouta (Santiago de Compostela). Cronoloxicamente: escavación das balsas (esquerda), balsas rematadas xa en funcionamento (medio), balsas con xuncos en proceso de crecemento (dereita)

pensión, e a hidrólise da maior parte dos sólidos retidos. Neste caso, a eliminación global de materia orgánica sitúase no 30-40% da DQO, podendo completarse nun humidal posterior.

CASO 3: SISTEMA DIXESTOR-HUMIDAL EN BEARIZ

As augas residuais da aldea de Os Liñares (Beariz), están a ser depuradas mediante un sistema dixestor-humidal. O tratamento realízase en dous dixestores anaerobios de 3,6 m³, de construción simple (aneis de formigón de 1,25 m de diámetro), combinados cunha zona húmida de 72 m² de superficie. A zona húmida está constituída por dúas balsas de 6x6 m e 50 cm de profundidade. A operación da planta ten lugar

sen subministro eléctrico nin consumo de produtos químicos, nula xeración de lodo e baixas necesidades de mantemento.

Os resultados dun ano de seguimento (setembro 2003 a xullo 2004) indican que os dixestores anaerobios achegaron a maior parte da eliminación de sólidos en suspensión (SS), e unha parte significativa da eliminación de demanda química de oxíxeno (DQO) e demanda biolóxica de oxíxeno (DBO), cun promedio do 90% en SS, 56% en DQO e 48% en DBO₅. O humidal completou a eliminación de SS (35%) e mostrou unha elevada capacidade de eliminación de materia orgánica solúbel, con depuracións do 73% en DQO e 78% en DBO. A depuración global foi do 93% en SS e do 88% en DQO e DBO, e a calidade promedio do

efluente tratado foi de 23 mg SS/l, 24 mg DBO₅/l e 41 mg DQO/l.

A eliminación de microorganismos patóxenos situouse polo xeral entre o 95 e o 99,7%. A eliminación de nitróxeno total, amoníaco, fósforo e ortofosfatos aumentou lixeiramente ao longo do segundo ano de operación do humidal, situándose finalmente en valores do 64%, 51%, 60% e 57%, respectivamente.

CASO 4: PROXECTO DEMOSTRATIVO DA ASOCIACIÓN ADEGA


Os inferiores custos de instalación en comparación con outras tecnoloxías aplicábeis aos pequenos núcleos, e os moi inferiores custos de mantemento, correspondentes case exclusivamente á man de obra non cualificada, xunto coa boa calidade do efluente, son os puntos

DEPURACIÓN EN HUMIDAI S CONSTRUIDOS




dixestor anaerobio

Segundo o deseño da instalación demostrativa de A Silvouta, móstrase o esquema dun sistema de fluxo superficial, no que a auga circula en superficie bañando os talos das plantas, seguido dun fluxo subsuperficial, no que a auga circula sempre por debaixo da superficie do material que constitúe o solo no que se fixan as plantas. Unha mesma instalación pode combinar estas dúas modalidades, ou facer uso unicamente dunha delas. A depuración mediante plantas require unha maior extensión de terreno ao tempo que ten uns custos de mantemento moi inferiores aos doutras tecnoloxías. Compre destacar a nula xeración de lodos e o nulo consumo enerxético destas instalacións. Previamente ao humidal, a auga residual sométese a un pretratamento anaerobio.



humidal superficial

humidal subsuperficial



Visita de alumnos/as, en actividades de educación ambiental de ADEGA

fortes desta tecnoloxía que combina dixestión anaerobia e humidaís construídos. Para a promoción desta alternativa, a Asociación ADEGA, en colaboración coa Universidade da Coruña, conta cunha planta demostrativa situada na EDAR de A Silvouta (Santiago de Compostela). A súa posta en marcha tivo lugar en xuño de 2005 e estará operativa durante dous anos.

A instalación conta cun dixedor anaerobio de 25 m³ e un humidal de 150 m² plantado con xuncos, e foi alimentado cuns 30-60 m³ de auga residual/día (equivalentes a máis de 120 habitantes). O Cadro mostra os resultados acadados neste sistema de depuración. Desde o primeiro momento obtivéronse moi boas depuracións, que foron mellorando ao longo dos primeiros meses de posta en marcha das instalacións, situándose finalmente no 85-95% en SST, DBO e DQO.

Os caudais aplicados ao sistema global correspóndense cun uso intensivo do

humidal, xa que a dotación variou entre 0,5 e 5 m²/habitante equivalente. Os resultados indican que, para unha depuración avanzada e sustentábel, a dotación non debe baixar de 2,5 m² de humidal por habitante equivalente.

PROXECTO EDUCATIVO

Este proxecto educativo de ADEGA consiste en utilizar como recurso de educación ambiental esta instalación demostrativa, situada en A Silvouta (Santiago de Compostela). Esta experiencia dá continuidade e complementa o programa de educación ambiental que ADEGA ten sobre o ciclo da auga na cidade. Con este programa preténdese o debate de propostas viábeis para a cidade e para as zonas rurais do concello, moitas veces esquecidas. O proxecto conta coa colaboración de diversas entidades e procura novas vías de financiamento, na liña do recomendado na Estratexia Galega de Educación Ambiental.

O proxecto educativo inclúe charlas informativas en centros de ensino, asociacións de veciños/as, amas de casa, ... e visitas en grupo ás instalacións, así como a elaboración de material divulgativo e educativo. Nestas actividades abórdase o problema da contaminación das augas residuais, a redución en orixe, e a comparación entre diferentes tecnoloxías de depuración. Con tal finalidade apróveitanse tanto as instalacións convencionais da EDAR de A Silvouta (Concello de Santiago de Compostela) como as do novo proxecto demostrativo.

O programa iniciouse en xaneiro de 2004. Ao longo destes dous anos realizáronse 54 charlas e visitas. O total de participantes ascendeu as 1300 persoas, correspondentes a maioría a grupos de centros de educación primaria e secundaria (inclúense algúns ciclos formativos) e 7 grupos de centros universitarios (tanto da vertente social como tecnolóxica). A maioría procederon da zona de Santiago de Compostela, pero tamén houbo centros doutras zonas de Galiza. Este ano, unha vez rematadas as instalacións, ampliarase a oferta a outros sectores diferentes do educativo.

O proxecto conta coa colaboración económica da Fundación La Caixa, participando a Universidade da Coruña na dirección científica e achegando soporte técnico a empresa Aquagest. O concello de Santiago facilita os terrenos no que está instalada a depuradora, e financia parte do programa de educación ambiental deste proxecto.

AGRACEDEMENTOS

Este proxecto é o resultado dunha colaboración entre a Asociación ADEGA e a Universidade da Coruña. O proxecto está financiado en parte pola Fundación La Caixa, e conta coa colaboración da empresa Aquagest e o concello de Santiago.

Depuración obtida no sistema Dixedor-Humidal demostrativo de A Silvouta
(Dixedor: 25 m³, Humidal: 150 m² con xuncos)

Mes	Concentración influente (mg/l)			Concentración efluente (mg/l)			Eliminación (%)		
	SST	DQO	DBO	SST	DQO	DBO	SST	DQO	DBO
Xuño	257	527	262	18	82	55	93.0	84.4	79.1
Xullo	206	351	198	13	36	31	93.7	89.7	84.6
Agosto	224	363	230	14	48	32	93.9	86.5	86.1
Setembro	229	444	236	8	48	25	96.5	85.4	89.6
Outubro	178	392	185	11	43	12	91.5	89.2	92.9
Novembro	95	219	139	14	53	23	84.6	64.7	77.6
Decembro	174	346	205	15	53	28	91.0	84.3	85.4

Murguía, Revista Galega de Historia achégase ao seu terceiro aniversario.

Grazas a centos de subscritores e lectoras **Murguía** vai descubrindo a Historia de Galiza, divulgándoa e poñéndoa en valor.

No último número aprésentase a **Galiza na II República**, así como a represión franquista no nos país, cos casos paradigmáticos da **Illa de San Simón** e a **Volta dos Nove**.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país

Subscríbete!

Nome Apelidos

Enderezo

Localidade CP Teléfono

Solicito: Subscrición Máis Información

Enviar á **Asociación Galega de Historiadores/as**: Apartado de Correos 755 15.703 Compostela
ou secretaria@revistamurguia.com Teléfono 679.56.59.12

www.revistamurguia.com



Por só 25 €/ano
un número cada 4 meses na túa casa!

Àngels Barceló

A VIVIR QUE SON DOS DÍAS.
Sábados e Domingos de 8.00 a 12.00 hrs.



PASE O QUE PASE
UN PASO POR DIANTE



A DEFENSA DA REDE NATURA COMO PRIORIDADE

Coincidindo co seu 30 aniversario, o pasado 25 e 26 de marzo Adegas constituíu a nova Xunta Directiva e Adela Figueroa Panisse foi reelixida presidenta.



Mesa redonda sobre a Rede Natura na que participaron María Xosé Vázquez, profesora de economía ambiental da Universidade de Vigo, o consultor ambiental Xurxo Mouriño, e o presidente da Confraría de Pesca de Lira, Emilio Louro

Nos dous días de xuntanza fíxose un repaso á situación organizativa e económica da Asociación, tamén por delegacións e vocalías, dando como resultado un balanço xeral positivo pero con potenciais perspectivas de mellora. A entidade valorou a posibilidade de crear dúas novas delegacións nas comarcas do Ulla e Deza. Nestas localidades, Adegas traballou estreitamente cos colectivos afectados na consecución da Iniciativa Lexislativa Popular en defensa dos ríos e a paralización de numerosos proxectos hidroeléctricos. Foi precisamente a toma en consideración da ILP dos ríos polo Parlamento Galego o logro ecoloxista máis loado polos asistentes á Asemblea.

Adegas sinalou a Rede Natura de Galiza como a prioridade reivindicativa da Asociación á causa das continuas ameazas ás que veñen sendo sometidos os Lugares de Interese Comunitario (ou LICs), moitas veces reconvertidos en obxecto de especulación dos grandes poderes económicos.

A ampliación da Rede Natura en Galiza será outra das finalidades de Adegas, exixindo nomeadamente a protección oficial da Serra do Suido, ameazada polo levantamento de parques eólicos.

Entre as resolucións da Asemblea, acordouse urxir á Consellaría de Medio Ambiente á protección efectiva da Rede Natura fronte a proxectos especulativos

e infraestruturas inxustificadas e á elaboración dunha campaña informativa para dar a coñecer entre a cidadanía os valores e as oportunidades de desenvolvemento sustentábel da Rede Natura. Acordou instar á Consellaría de Industria a que revise o Plano Sectorial Eólico e paralice os proxectos en tramitación mentres non se aprobe un novo plano eólico con criterios de sustentabilidade. Outras das resolucións foron:

- Reclamar á Xunta de Galiza o cumprimento estrito da legalidade e a consecuente paralización das obras da piscifactoría de Rinlo, en Ribadeo.

- Instar á Consellaría de Medio Rural a investigar e informar sobre os efectos dos pesticidas sistémicos na poboación das abellas e no ecosistema en xeral, así como sobre o uso dos agrotóxicos, proponendo a súa substitución por alternativas máis ecolóxicas.

- Solicitar a declaración de Galiza como territorio libre de transxénicos.

- Apoiar á plataforma "Salvem os Monteferro" na súa loita contra os proxectos urbanísticos especulativos neste espazo.

- Solicitar a regulamentación da navegación e fondeos no Parque Natural das Illas Atlánticas de acordo coa lei, para harmonizar as actividades recreativas coa conservación dos recursos naturais.

NOVA XUNTA DIRECTIVA DE ADEGAS Comisión Permanente

Presidenta	Adela Figueroa
Vicepresidenta	Virxinia Rodríguez
Secretario Xeral	Daniel Vispo
Vicesecretario Xeral	Xan Louzao
Tesoureiro	Alberte Sánchez
Vocalía	Manuel Soto
Vocalía	Xosé Salvadores
Vocalía	Carlos López

Vocalías sectoriais

Enerxía e Ordenación Territorial	Fins Eirexas
Residuos e Publicacións	Manuel Soto
Diversidade Natural	Xosé Lois Piñeiro
Saúde Ambiental	Luis Díaz
Educación Ambiental	Ramsés Pérez
Agricultura Ecolóxica	Fernando Malvar
Pacifismo e Globalización	Ana García
Comunicación	Belén Rodríguez
Montes e Medio Rural	Florentino Fdez.
Ríos	Marcial Barral
Benestar Animal	Isabelle Kerdudo
Litoral	Francisco Bañobre

VOCES DA ASEMBLEA

Ademais da presenza de diversa documentación, novidades en publicacións e produtos de comercio xusto, a convocatoria contou cunha cea de confraternidade na que participaron máis dun centenar de socios/as, diversas actividades lúdicas e agasallos. Destacamos algunhas frases que nos relembra certos aspectos do debate asembleario.

"É socialmente inxusto que piscifactorías, parques eólicos e canteiras limiten os usos do territorio dos veciños", Daniel Vispo

"Necesitamos normativa protectoras pero que non sexan un ferrollo e bloqueen o desenvolvemento da terra. A protección pode ser motor de desenvolvemento", Adela Figueroa

"Cremos que todo o movemento ecoloxista galego debería adoptar unha posición de cautela ante o traslado de Ence e exixir o seu peche", Antón Masa

"Existen outras formas de conservar o territorio ademais da Rede Natura", Xurxo Mouriño

"Os galegos e galegas están dispostas a pagar máis pola conservación do territorio", María Xosé Vázquez

XURXO MOURIÑO, consultor ambiental

"GALIZA DEBE TER LIÑAS PROPIAS DE CONSERVACIÓN"

Xurxo Mouriño, para quen A Rede Natura non ten porque ser a única fórmula de conservación na Galiza, participou no debate central da Asemblea de ADEGA, dedicado a valorar o futuro dos nosos espazos naturais. Velaquí un resumo da súa intervención.

O debate sobre a situación actual e as propostas da Rede Natura 2000 foi a temática principal da mesa redonda organizada por Adegas durante a celebración da súa XXXI Asemblea Xeral. As continuas ameazas a espazos protexidos en territorio galego, a inoperancia do goberno anterior, a pasividade da administración actual e a inxustiza social que se desprende dalgunhas decisións políticas están a esmorecer o significado e o senso da Rede Natura 2000 no noso país.

Segundo o consultor ambiental, Xurxo Mouriño, que traballou tanto no sector público coma no privado, un dos problemas que actualmente afectan a Galiza en canto a conservacionismo é a falla de coñecemento e de información que denota a maior parte da sociedade galega sobre o que significa a Rede Natura 2000 e cales son os seus obxectivos. Por tal motivo, Mouriño fixo unha breve explicación sobre a RN na que subliñou as dúas directivas europeas nas que se sustenta, a Directiva Hábitats e a Directiva de Aves silvestres; e tamén sinalou a intencionalidade da RN, concretada pola Unión Europea: "conservar en bo estado determinados espazos naturais de elevado valor ecolóxico e ambiental e relacionar o desenvolvemento social e económico con esa conservación".

Ademais da ausencia de información na sociedade galega, o feito de que a RN nos viñera imposta pola Unión Europea, segundo Mouriño, incide na problemática da non asunción social da necesidade de crear fórmulas que protexan certos territorios contra as agresións humanas. No eido político, esta circunstancia obriga aos gobernos a deseñar políticas de actuación "a salto de mata" en resposta ás diferentes presións que reciben da UE. Polo tanto, as decisións políticas con respecto á conservación non adoitan res-

ponder nin ás necesidades sociais nin ás ambientais.


A este respecto, Xurxo Mouriño cre que a Administración galega non ten porque restrinxir as súas políticas de conservación ás prerrogativas exixidas pola RN da UE, senón que ademais ten a posibilidade de deseñar liñas propias de conservacionismo que se adapten ás características ambientais e socioeconómicas específicas de Galiza. Porén, semella difícil acadar estas novas fór-

"...a desinformación da sociedade e a discrepancia das directivas europeas coas preferencias pragmáticas dos cidadáns converten á RN 2000 nun motivo de rexeitamento: mentres a sociedade galega subestima a calidade e o valor das matogueiras, a Directiva europea de Hábitats confírelles un valor ecolóxico excepcional"

mulas, xa que "desde que se creou o primeiro goberno autonómico nunca houbo unha política galega de conservación", dixo Mouriño.

As actuacións referentes á RN 2000 no noso país presentan abondosas deficiencias. Por un lado, descoñécese plans de actuación reais con respecto á RN, anunciados pola Administración pero ata o momento reservados. Por outro, decláranse zonas de especial conservación onde se poden seguir desenvolvendo os usos tradicionais destes espazos sen establecer ningún tipo de requisito ou ordenación proteccionista. En canto ao persoal da Administración destinado aos avatares da conservación, Mouriño considera que carece da suficiente formación en materia conservacionista e que ademais non existe contacto fluído entre os

Ramsés Pérez



profesionais da Xunta e a poboación, complicando deste modo o deseño de políticas fundamentadas na realidade social. E, sobre todo, existe descoordinación entre as diferentes consellarías para consensuar medidas comúns na protección de espazos naturais.

Así pois, Xurxo Mouriño cre que as perspectivas futuras da Rede Natura 2000 en Galiza non son moi alentadoras mentres a situación non cambie. A falla de presuposto suficiente na Consellaría de Medio Ambiente para levar a cabo unha política proteccionista exitosa, a non existencia de diagnósticos medioambientais fiables, a falla de obxectivos propios, o escaso peso da mobilización social, a desinformación da sociedade e a discrepancia das directivas europeas coas preferencias pragmáticas dos cidadáns converten á RN 2000 nun motivo de rexeitamento. Como dato exemplificador disto último, Mouriño apuntou que mentres a sociedade galega subestima a calidade e o valor das matogueiras, a Directiva europea de Hábitats confírelles un valor ecolóxico excepcional.

MardeLira

A PRIMEIRA RESERVA MARIÑA DE GALIZA



Emilio Louro, secretario da Confraría de Lira (Carnota), foi convidado á Asemblea do 30 Aniversario de Adegas para presentar un dos proxectos ambientalistas e socioeconómicos máis ambiciosos do sector pesqueiro de Galiza na actualidade. A Reserva Mariña de Interese Pesqueiro de Lira conta cun trazo diferencial con respecto a outras reservas pesqueiras xa existentes en áreas protexidas do Mediterráneo e das Illas Canarias. Será a primeira de todo o Estado que nace da vontade dos habitantes e mariñeiros da propia localidade. O carácter medioambiental e social do proxecto fará posíbel, segundo Louro, a creación dun novo sistema na xestión dos recursos naturais pesqueiros que permita combinar o conservacionismo coa sustentabilidade económica do pobo: "O que mellor funciona son os planos de explotación xestionados polos propios pescadores", afirmou Louro.

A elección da zona de mar protexida no porto de Lira foi produto do coñecemento e sabedoría dos mariñeiros, alentada polo potencial pesqueiro e marisqueiro do lugar onde se concentran os principais bancos de pesca de baixura: nécora, centola, camarón, santiaguíño, lumbrigante, polbo, ourizo, robaliza ou sargo.

Na Reserva Mariña haberá dous focos de reprodución nos que estará

prohibido pescar e no resto da plataforma protexida poderase faenar de acordo cuns requisitos especiais que aínda se están a estudar: topes de capturas, aumentos do tamaño mínimo da centola ou do polbo, réxime de vedas e paros... Ademais establecerase traballo de monitorización dos recursos, vixilancia e servizo de control por parte do sector e un seguimento do impacto social da Reserva Mariña.

"O que mellor funciona na protección dos recursos son os planos de explotación xestionados polos propios mariñeiros", afirma Emilio Louro, de MardeLira

Segundo Louro, o novo sistema de xestión dos recursos manexado polos pescadores de Lira, será unha oportunidade única para dignificar a profesión da pesca e do marisqueo en Galiza e para recuperar as especies perdidas na catástrofe do *Prestige*. O despoboamento continuado do lugar e o descenso de capturas nos últimos anos foron factores determinantes para a posta en marcha desta iniciativa. Isto xunto con outras problemáticas como a desestruturación do sector, a incerta rendibilidade do traballo, a sobreexplotación dos recursos pesqueiros e a redución das

Lira foi unha das localidades galegas máis danadas pola catástrofe do *Prestige* de hai 3 anos. Ten arredor de 1.000 habitantes e máis do 35% da súa poboación vive do marisqueo e da pesca. MardeLira presentou na Asemblea de ADEGA o proxecto sobre a primeira reserva mariña de Galiza, que tamén o é da fachada atlántica do Estado español. Cunha superficie de 1.700 Ha, foi promovida polos propios pescadores de Lira, dentro do proxecto de desenvolvemento da zona MardeLira.

axudas europeas a partir do ano 2007 deixan o pobo de Lira nunha preocupante situación socioeconómica.

Ademais dos membros da Confraría de Lira, participan no desenvolvemento do proxecto profesores da Universidade de A Coruña, asociacións ecoloxistas e a Administración autonómica co fin de que nuns anos a Unesco declare este lugar Reserva da Biosfera e que Galiza se converta en referente peninsular na materia.

MardeLira impulsa outras iniciativas dentro do mesmo proxecto de desenvolvemento socioeconómico da zona polo cal se constituíu unha empresa de venda directa de peixe en menos de 24 horas (Lonxanet S.L.) que está a dar traballo a un importante número de mulleres en Lira. MardeLira tamén participa na rede RECOPADES, formada por agrupacións pesqueiras de Arxentina, Uruguai e a Illa de Hierro na que se establecen os criterios sustentábeis de xestión na profesión do mar e desde a cal se pretende dar a coñecer a cultura mariñeira no conxunto da sociedade.

A primeira Reserva Mariña de Galiza aínda non é realidade, pero os mariñeiros de Lira prevén que comece a funcionar neste mesmo ano, tras a aprobación do decreto de xestión, e unha vez que se conta co compromiso público e formal do goberno galego de apoiar esta iniciativa.

BENEFICIOS E CUSTOS SOCIAIS NA CONSERVACIÓN DA REDE NATURA 2000 EN GALIZA

María Xosé Vázquez Rodríguez*

O obxectivo da investigación era proporcionar información ampla e relevante para a toma de decisións de xestión daqueles espazos de montaña ecolóxica e socialmente máis valiosos. Os resultados cuantitativos obtidos demostran que a conservación e mellora na calidade dos nosos montes non só é viábel economicamente senón que ademais é socialmente desexábel. Se algo temos de resaltar, é a necesidade, percibida por ambos colectivos –demanda e oferta (propietarios de montes e poboación metropolitana galega)-, dun cambio nas políticas de desenvolvemento rural que sexa capaz de satisfacer as novas necesidades das sociedades modernas. Neste novo contexto os espazos de montaña poden proporcionar oportunidades de desenvolvemento, por un lado, e de mellora de calidade de vida para a poboación urbana, polo outro.

NOVAS DEMANDAS SOCIAIS SOBRE O MEDIO RURAL

A descrición do mundo rural e interior galego actual amosa dous tipos de imaxes. En primeiro lugar, gran cantidade de terras antes dedicadas á produción agrícola e gandeira, e agora abandonadas, con deficientes condicións de mantemento que agravan o problema dos incendios forestais e da erosión. En

"propuxémonos o obxectivo de analizar a demanda social de servizos recreativos e paisaxísticos relacionados cos espazos protexidos de montaña"

segundo lugar, a progresiva substitución do bosque atlántico de caducifolias por plantacións forestais en masas dominantes ou puras. Ademais, a propia incidencia dos incendios forestais proporciona un incentivo adicional a acurtar o prazo de xestión das explotacións forestais, o que conduce cara o incremento progresivo das plantacións. Ambas tendencias diminúen drasticamente a diversidade biolóxica e paisaxística.

Porén, esta situación convive con un cambio substancial das demandas sociais sobre o medio rural. A poboación urbana comeza a valorar aqueles servizos relacionados co goce do tempo libre e para iso faise imprescindible a conservación dos ecosistemas e a biodiversidade, o que

require idear e incentivar novas formas de produción para o medio rural compatibles e que garantan a provisión destas funcións de importancia crecente. Este foi o sentido co que se elaborou a Política Agraria Comunitaria actual (PAC): o incentivo económico á provisión de beneficios sociais (entre eles, os servizos de ocio e ambientais). Incentivos que, ademais, poden axudar a compensar a caída de rendas rurais por diminución de axudas a actividades excedentarias.

A Rede Natura 2000 de montaña en Galiza –86% da superficie da proposta realizada pola Administración galega– comprende un número de espazos de recoñecido valor paisaxístico, que amosan a combinación de funcións e proble-



Ramsés Pérez



Ramsés Pérez



máticas que vimos de describir, incluída a convivencia necesaria de usos agrarios e conservación. Por iso, o grupo de investigación de Economía dos Recursos Naturais e Ambientais da Universidade de Vigo, propuxémonos o obxectivo de analizar a demanda social de servizos recreativos e paisaxísticos relacionados cos espazos de montaña citados e, en relación con ela, a viabilidade de políticas de incentivos a usos compatíbeis coa oferta de estes servizos.

ÍNDICES DE PREFERENCIA PAISAXÍSTICA

Así, o marco da valoración foi o paso da actual situación de protección destes espazos de montaña (tres parques naturais: Invernadoiro, Fragas do Eume e Baixa Limia, que supoñen 36.000 ha ou o 1% del territorio) a unha situación con 24 áreas protexidas –incluídas as tres actuais– que suporía aproximadamente 280.000 ha ou o 10% do territorio. En primeiro lugar, levouse a cabo un test de

percepción para coñecer de qué aspectos da paisaxe a sociedade galega gusta máis. Este exercicio consistiu en realizar un cuestionario a unha mostra representativa da poboación metropolitana galega, como principal demandante de servizos rurais non directamente comerciais. O cuestionario presentaba información visual –mediante fotografías reais– que intentaba abarcar un conxunto extenso e realista de alternativas de xestión. A partir das respostas obtidas, analizouse a clasificación total de fotografías, e construíronse *Índices de Preferencia Paisaxística* (IPP).

Os resultados permiten destacar que a poboación considera moi relevante o tipo de cuberta arborada, con forte preferencia polo bosque tradicional repoboado e a menor valoración paisaxística para os cultivos de eucalipto e o monte baixo ou baldío, sendo esta última opción sempre menos preferida que calquera opción de arborado. En consecuencia, dos datos dedúcese un claro respaldo social ás políticas de repoboación e, en concreto, á recuperación do bosque caducifolio. Ademais de confirmar os resultados anteriores, obsérvase que os individuos prefiren masas arbóreas de menor densidade porque facilitan a visión e o movemento, e aspectos de xestión de gran impacto

visual (camiños, límites) irregulares que axuden a estruturar e definir o conxunto. A análise infórmanos tamén de que a poboación amosa unha valoración negativa da presenza de cortafogos visíbeis e de altas densidades de arborado, e unha valoración positiva da cuberta arborada dominante, a xestión adecuada do monte baixo e os bosques maduros.

DISPOSICIÓN AO PAGO POLA CONSERVACIÓN

Utilizáronse métodos directos ou de preferencias declaradas mediante enquisas a unha mostra representativa da poboación galega, para obter as preferencias sociais pola actual situación de protección (tres espazos ou 1% del territorio) fronte á opción de abandonar calquera investimento en conservación destes espazos; e tamén por escenarios de protección alternativos que consistían en diferentes niveis de superficie protexida,

"a poboación considera moi relevante o tipo de cuberta arborada, con forte preferencia polo bosque tradicional"

do tipo e a cantidade de cuberta arborada, e a idade do arborado. Ademais, incorporouse o custo –en forma dun recargo anual por familia no IRPF acumulábel nun fondo– como unha dimensión máis das alternativas a valorar.

En primeiro lugar, é notorio que o 85% das persoas enquisadas elixiran algunha alternativa de mellora fronte á situación actual. Os modelos estimados permítenos deducir que o atributo de máis peso nas eleccións é o tipo de arborado e o segundo é o aumento na superficie protexida. A estimación proporciona unha disposición ao pago media por familia situada en torno aos 12 /fogar.ano para manter as actuais inversións en conservación. Ademais, obsérvase que a poboación galega está disposta a aumentar a superficie protexida do 1 ao 10% do territorio e a pagar por iso en torno a 114 /familia.ano, o que supón multiplicar por dezaseis a disposición o pago estimada para conservar os tres espazos actuais, mentres a superficie protexida o fai por oito (de 36.000 a 280.000 ha). Isto implica unha forte preferencia por incrementos na superficie protexida que pode explicarse porque as persoas enquisadas declaraban que a superficie protexida debería

Asesoría en produción ecolóxica Xestión técnico-económica

15 anos de experiencia ao servizo da produción ecolóxica



XESTIÓN AGROGANDEIRA
E NATUREZA

CEI. Avda Coruña, 490, local 7, 27003 Lugo 982.803.633. Info.xan@mundo=r.com

Charlas
reconversion
Seguimento técnico

augmentar a máis do 15%, fronte ao 10% máximo proposto.


OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

A eficacia dunha medida de conservación depende da súa comprensión e aceptación por parte dos colectivos afectados, que están chamados a participar activamente na súa aplicación. No caso das compensacións para incentivar determinadas prácticas agrarias, teñen sido na maior parte dos casos, a deficiente información e a escasa contía da subvención os factores explicativos da escasa participación. Por isto, respecto á oferta de servizos ambientais e recreativos das áreas RN2000 de montaña, realizamos unha Análise Delphi sobre aceptación de compensacións por parte de 30 Montes Veciñais en Man Común nun conxunto de áreas representativas –9 de entre 57 propostas como LICs na Rede Natura 2000 galega– que implican o 8% da superficie da comunidade ou 234.000 ha. Este tipo de medidas distan moito de ser hipotéticas pois están contempladas na reforma da PAC (Regulamento CE 1257/99) e a súa transposición ao dereito interno español (RD 6/2001) e galego (Lei 9/2001). O obxec-

"as axudas existentes considéranse insuficientes, inferiores ao menos nun 30% ás que demandarían as comunidades de montes"

tivo da investigación era, ademais de indagar a opinión sobre os incentivos vixentes, coñecer a súa disposición a participar nun programa de conservación da paisaxe de montaña, e pedir a opinión sobre diversos aspectos de deseño das medidas, entre eles o nivel que consideraban adecuado para as axudas previstas e a duración das mesmas.

Tanto para realizar repoboacións como para actividades silvícolas, as axudas existentes (Orde de 28 de Maio de 2001) considéranse insuficientes, é dicir, inferiores, ao menos nun 30%, ás que demandarían as comunidades de montes. Non obstante, as axudas que aceptarían as comunidades de montes encaixan, na maior parte dos casos, dentro do marco comunitario (Regulamento CEE 2080/92 e Regulamento CE 231/96). Os xestores amósanse en desacordo coa exclusión das superficies catastradas como fores-



tais e de monte baixo das actuais axudas, pois pensan que unha adecuada política de reforestación podería diminuír o número e gravidade dos incendios forestais. As persoas enquisadas manifestan que é este o principal problema dos bosques de montaña, e consideran que os instrumentos adecuados para a conservación e mellora dos montes son o establecemento de subvencións para repoboación, cunha renda anual por hectárea e facilitando o apoio técnico necesario. Non están de acordo cos actuais límites máximos á área obxecto de subvención e, en xeral, demandan un aumento dos fondos para estas axudas.

A NOVA PAC E AS PRIMAS POR BENEFICIOS AMBIENTAIS

Respecto a futuros programas de conservación RN2000 con remuneración en función dos beneficios sociais proporcionados, os comuneiros consideran que se deberían duplicar as actuais axudas á repoboación inicial e multiplicar por dez as primas compensatorias, aumentando ate no triple a duración destas primas. De novo, se comparamos estas demandas cos módulos vixentes a nivel comunitario, obsérvase que están aínda por debaixo das axudas aplicábeis no caso de calquera tipo de repoboación inicial –un 30%– e nas primas a coníferas. No caso das primas a frondosas superaría lixeiramente –un 8%– o tope máximo estipulado pola lexislación comunitaria. En definitiva, as demandas dos produtores rurais axustaríanse con facilidade ao marco das axudas dispostas a nivel comunitario.

É útil, para probar a viabilidade das medidas da nova PAC, contrastar o resultado de disposición ao pago obtido mediante métodos directos (337 €/ha.ano, o que xeraría un fondo anual de máis de 94 millóns de euros) coas primas agroambientais que poden recibir os agricultores por hectárea e ano, a longo prazo nos espazos incluídos na RN2000. Así, mediante a análise Delphi sobre comunidades de montes estimouse en 300 €/ha.ano a cantidade mínima demandada polos produtores como prima por beneficios ambientais.

Por tanto, a cantidade mínima exixida como compensación polos produtores potenciais de servizos ambientais é inferior á cantidade que estaría disposta a pagar a sociedade como demandante destes servizos. É dicir, a aplicación de políticas de compensación a produtores rurais para a provisión de beneficios recreativos e ambientais é viábel se temos en conta a demanda social destes beneficios. Ademais, o importe obtido dos demandantes ten perfecto acomodo nas remuneracións contempladas na reforma da PAC, se se axustan estas ao tope máximo actual en razón dos beneficios xerados, e non –como actualmente ocorre– se modula á baixa en base ao lucro cesante ou aos ingresos de mercado obtidos en usos alternativos.

* María Xosé Vázquez Rodríguez é profesora de Economía Ambiental na Universidade de Vigo. Este artigo resume o libro, do que é coautora María Xosé Vázquez Rodríguez, "Beneficios y costes sociales en la conservación de la Red Natura 2000", editado por CIEF, Centro de Investigación Económica y Financiera, Fundación Caixa Galiza, 2005. Colección: monografías, Serie: Economía e Territorio.

TOURIÑAN

Xosé Manuel Menéndez Barúa e Fins Eirexas*

ROTEIRO POLO FIN DA TERRA



A Costa da Morte foi nomeada así por mor dos numerosos accidentes mariños ocorridos nas costas desta ampla comarca. Lenda e tradición mestúranse en Muxía, onde o cabo Touriñán dispúttalle ao cabo da Nave ser o punto máis occidental peninsular, e a Fisterra ser ese "promontorio Nerio" do que falaban os historiadores romanos cando escribían sobre os Neri (forza), antiga tribo celta habitante destes lugares.

Estas terras foron escenario de accidentes mariños que quedarían gravados na retina de varias xeracións de mariñeiros de pel vermella. O *Cason* embarrancado fronte á praia do Rostro con material tóxico, os vapores *Douro* e *Iurac Bac* afundidos fronte a Touriñán con 73 persoas, ou o recente *Prestige*, que tinguíu de loito rochas e corazóns, son matrícula macabra dunha historia pasada e recente.

Terras de verdor intenso ás que o progreso chegou só en forma de desastre, teñen hoxe a ameaza do desastre disfrazado de progreso. Aberracións como a piscifactoría de Lires, na desembocadura do río Castro, poden ter continuidade nas augas salgadas coas instalacións de linguado e rodaballo, que xa atoparon sitio no veciño cabo Vilán e que o buscan a carón do museo do gran Man de Camelle ou mesmo nesta península de Touriñán.

O PERCORRIDO

Percorremos desde Frixe a cabo Touriñán espazos propostos na Rede Natura 2000 pero tamén percorremos a esencia da Costa da Morte, entre os míticos cabos Fisterra e Touriñán: lendas de naufraxios e de milagres, derradeiras terras que o sol alumea cada día, historia escrita nas pedras das igrexas, aldeas nas que o tempo se parou, como Touriñán, Nemiña ou Frixe.

Empapados de vento con cheiro a salitre e ondas escachadas contra as rochas, camiñamos pola surfeira praia de Nemiña, a ferida ría de Lires, o camiño mítico de Fisterra ao santuario da Barca.

Remataremos no final de sempre, no Touriñán mítico e lendario que agarda esquecerse dunha vez por todas dese formigón disfrazado de progreso.

RECURSOS HISTÓRICO-CULTURAIS

Seguindo o mapa adxunto, salientamos os seguintes lugares e aspectos de interese:

1. A igrexa parroquial de sta Leocadia de Frixe é unha construción Románica do século XII. Consta dunha soa nave con ábsida cadrada, abovedada en pedra cun arco de entrada de medio punto. A igrexa de Frixe foi construída polos mesmos canteiros que construíron a de

Cereixo, Treos ou Nemiña, xa que deixaron gravadas nas cabeceiras as letras PA, posíbeis iniciais dos construtores.

2. A piscifactoría da empresa Tres Mares ten concedidos 3500 l/s; situada en plena ría de Lires, na desembocadura do río Castro, funciona dende o ano 1982 e é a máis importante de España no engorde de troita.

3. A praia de Nemiña, moi apreciada polos amantes do surf, caracterízase pola súa area clara, e desde Nemiña pódese apreciar a península de Fisterra e a praia do Rostro. Deste lugar saen a faenar pequenas embarcacións.





4. San Cristovo de Nemiña, tamén do S. XII, é a Igrexa Románica de menor tamaño da comarca. Á diferenza doutras, a penas sufriu modificacións posteriores, agás no campanario e sancristía lateral. Foi asaltada dúas veces polos ingleses. Ao subir desde Nemiña, deixamos atrás bonitas e amplas paisaxes, co cabo da Nave e a praia do Rostro ao fondo. Son as terras máis occidentais do estado.

5. A península de Touriñán (do celta "tor", monte elevado) ten uns 2 km de longo e 250 m de ancho. Na súa entrada sitúase a aldea do mesmo nome, testemuña de numerosos accidentes mariños. Nela destacan os numerosos cabazos e parece que o tempo se detivo.

6. O cabo Touriñán foi sempre unha trampa para a navegación desde sempre. Arredor do antigo faro, guía para todo tipo de embarcacións, están os baixos O Galluda e A Laxe da Touriñana ou o Farelo. Neles afundiron os dous vapores *Douro* e *Lurac Bac*.

VALORES NATURAIS DA COSTA DA MORTE


Dentro dos espazos da Rede Natura 2000 en Galiza, o Lugar de Interese Comunitario (LIC) e tamén Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) coñecido como Costa da Morte

é un treito de costa que inclúe os seguintes enclaves: Marismas de Baldaio, Illas Sisargas, Enseada da Insua, Lagoa de Traba, Cabo Vilán e Cabo Fisterra. As Marismas de Baldaio e A Enseada de Insua albergan interesantes poboacións de aves acuáticas invernantes. Ten unha superficie total de 11.809 Ha, distribuídas de forma discontinua ao longo dos concellos de Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo.

© Alberte SR



© Alberte SR





Os cantís de Cabo Vilán e illas Sisargas concentran a práctica totalidade das colonias de gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*) e arao dos cons (*Uria aalge ibericus*) de España. As illas Sisargas albergan ademais a principal colonia de gaivota escura (*Larus fuscus*) de España. A Lagoa de Traba mantén un bo estado de conservación ó igual que o sistema dunar que ten asociado. Na zona danse cita algunhas especies de aves acuáticas de interese.

Este LIC conta tamén con interesantes formacións rochosas ígneas e metamórficas, das zonas máis profundas da codia, que fan parte de interesantes estruturas tectónicas como a chamada unidade Malpica-Tui, que son testemu-

ña de colisións entre placas e dos procesos oroxénicos máis antigos de Europa. Tamén están presentes notábeis formacións xeomorfolóxicas propias do modelado costeiro sobre substrato granítico, como os Penedos de Traba, Pasarela e Braño, e as placas eólicas e dunas remontantes do Monte Branco e o Cabo Tosto.

TOURIÑÁN


A zona de Touriñán conta con representación dos hábitats de interese prioritario *4020 (breixais húmidos con *Erica ciliaris* e *E. tetralix*) e posiblemente tamén do *4040 (breixais con *E. vagans*), así coma dos hábitats de interese comunitario 1230 (vexetación de

cantís costeiros atlántico-bálticos) e 4030 (breixais secos europeos). Entre os endemismos botánicos, están presentes especies como *Angelica pachycarpa*, *Armeria pubigera*, *Leucanthenum merinoi* e *Centaurea corcubionensis*. Esta última é unha especie catalogada como "rara" e endémica do noroeste coruñés.

Na zona están presentes varias especies de aves catalogadas no anexo I da Directiva 91/244 CEE. A tartaraxa cincenta *Circus pigargus* conta con algúns exemplares na área próxima do Facho de Touriñán. Trátase dunha especie moi escasa a nivel galego e moi sensible ás perturbacións do seu hábitat. A choia (*Pyrhocorax pyrrhocorax*) ten cunha poboación estimada en Galiza de só unhas 56-112 parellas, e os cantís desta costa son unha das súas áreas cría. Tamén se poden observar nesta área a noiteira (*Caprimulgus europaeus*) e o falcón peregrino (*Falco peregrinus*). Aves peláxicas como pardelas, paiños, carráns, arao, rexistran un fluxo significativo nas proximidades do istmo de Touriñán. En situación "vulnerábel" en Galiza, o lagarteiro peneireiro (*Falco tinnunculus*) conta cando menos cunha parella reproductora nos cantís do Pedrouzo.

Touriñán e a punta de Buitra constitúen un litoral de morfoloxía aberta e agreste, de grande calidade visual. A construción de instalacións industriais (piscifactorías) ou de aeroxeradores provoca unha forte e permanente artificialización e mingúa as posibilidades de aproveitamento da paisaxe como reclamo turístico.

*Xosé Manuel Menéndez Barúa é membro de ADEGA-Costa da Morte. Fins Eirexas é Secretario Executivo en funcións de ADEGA.



ACUICULTURA E DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

Adela Figueroa Panisse*

Estes días estamos a escoitar diferentes opinións acerca da planta de cría de rodaballo que Pescanova pensaba instalar en terreos da Rede Natura no cabo Touriñán. Segundo confesan os veciños, vendéronlle as terras a 1 euro/m² (350.000 m²) coa esperanza de teren traballo na planta. As declaracións dunha das veciñas de Touriñán abraioume especialmente: "Nós nin sabiamos que isto era Rede Natura. O que nós queremos é que os nosos fillos non teñan que emigrar como fixeron tantos outros".

Precisamente niso está o cerne da cuestión. Os veciños e veciñas que habitan nas zonas de especial protección deberían beneficiarse diso. Mais os planos para recibiren este beneficio non poden demorar. Teñen que ser XA!. Dende ADEGA concordamos plenamente coa postura da Conselleira de Pesca e a do Conselleiro de Medio Ambiente, no caso Touriñán: a Rede Natura debe de ter unha afección cero¹. Mas iso non ten que ser unha carga para as persoas que viven nestes espazos, que, en definitiva, estiveron a coidar ate agora. Esta xente ten que ter unha compensación. É de xustiza e é a única maneira que estes espazos se conserven.

A acuicultura é unha industria que se pode facer cada vez máis necesaria pola limitación dos caladoiros e pola redución das capturas, debida a sobreexplotación dos recursos. Mais as industrias deben ser instaladas en lugares que non danen espazos protexidos, que son de interese xeral. Sería gañar unha riqueza para uns poucos á costa de outra maior, de todos e todas. As dúas riquezas deben ser complementarias. O Plano Sectorial elaborado pola anterior Xunta de Galiza non tiña en conta para nada esta realidade. A empresa e a anterior Xunta (o anterior Conselleiro de Pesca, López Veiga é parte interesada na empresa de Pescanova) tiña xestionadas axudas europeas para a



instalación das granxas de engorde de rodaballo de Touriñán e de Xove. O negocio estaba servido: axudas europeas, compra de terreos case de balde, engano aos veciñ@s con supostos postos de traballo que non son reais, pois se necesita unha certa especialización e ademais son menos dos que se nos queren presentar.

Non me opoño a que unha empresa gañe dividendos e reparta cos seus accionistas. O que para min é inmoral é que desde os postos de xestión política se beneficien as persoas por información privilexiada, que se destrúan as riquezas naturais dun país para enriquecerse os que xa son ricos dabondo, e que se xogue cos veciños coaccionando e facendo demagogia cos postos de traballo.

Os veciños e veciñas de Touriñán teñen razón nas súas reclamacións. Compre que a Xunta tome en serio este problema. Este non se vai solucionar nin con un parador (!) nin cunha planta de engorde de rodaballo. Si que se pode arranxar con solucións mais imaxinativas, por exemplo: restauración do vello convento

de Moraime, para turismo rural; instalación dunha unidade de Desenvolvemento Rural que promova os valores turísticos e etnográficos da zona (moi valiosos); tratamento tributario preferente, por ser zona de protección ambiental; concesión de bolsas e axudas ao estudo para os habitantes da zona; tendido eléctrico e de internet, pensando na posibilidade dunha cooperativa de produción con vendas locais e a través da rede, etc., e isto sen contar coas obrigadas subvencións europeas e galegas para o desenvolvemento sustentábel destes espazos protexidos.

Todas estas posibilidades existen. Pescanova pode pór a súa piscifactoría noutro lugar que a Consellaría lle propoña, e non debería chantaxear nin a Xunta nin á cidadanía galega. Todos sabemos que Pescanova ten granxas noutras partes do mundo, como en Chile ou en Andalucía, e se escolleu Touriñán foi porque a anterior Xunta de Galiza lle deu facilidades nun beneficio mutuo, e nun proceso de venda barata do País.

*Adela Figueroa Panisse é presidenta de ADEGA

1 Lamentamos que o mesmo non se cumpra en Rinlo (Ribadeo), coa granxa de engorde que está a construír alí (tamén en Rede Natura) o Sr. Álvarez Cascos.

NORFOR: A PEOR XESTIÓN FORESTAL CON SELO FSC

Benito Andrade*


¿Sabías que eses eucaliptos que se plantan en solos degradados pola utilización de maquinaria pesada que altera os seus horizontes acelerando a erosión teñen unha certificación "ecolóxica"? ¿Sabías que esas extensas plantacións nas que a vexetación acompañante foi eliminada coa aplicación masiva de herbicidas son o paradigma declarado de sustentabilidade ambiental? ¿Sabías que a empresa que derrubou o prezo do eucalipto até rozar os 10 euros por tonelada este verán, e na que máis do 80% do emprego é da peor precariedade, é modelo de sustentabilidade social? Non é broma, estamos a falar de NORFOR, a filial forestal de ENCE, ambas posúen a certificación FSC.

En efecto, a filial forestal de ENCE operante en Galiza, Asturias e Cantabria dispón, dende setembro de 2004 da certificación do FSC (Forest Stewardship Council) do seu sistema de xestión forestal. Este selo, xunto coa certificación de novembro de 2005 que lle permite a ENCE mercar madeira de montes non certificados e convertela en madeira certificada, fan que a empresa co peor comportamento ambiental de Galiza poida vender a súa celulosa cun selo ecolóxico.

O PROCESO DE CERTIFICACIÓN

O selo FSC debería garantir que a actividade que se certifica respecta os dereitos das poboacións indíxenas, favorece a conservación das poboacións rurais, é economicamente rendíbel para a empresa e para o seu contorno, e esforzase na conservación dos bosques naturais, dos solos e da biodiversidade, sen orixinar danos a outros ecosistemas.

A certificación de NORFOR foi levada a cabo pola empresa certificadora SGS, unha multinacional con sede establecida na actualidade en Sudáfrica. SGS destaca polas certificacións problemáticas xa que algunha tivo que ser anulada polo órgano internacional do FSC e mesmo na actualidade se están producindo reclamacións a certificacións levadas a cabo por esta empresa en todo o mundo, algunhas verdadeiramente escandalosas, xa que por mediación de SGS se certificaron plantacións sobre territorios lexítimos de culturas



Subsolado en plantación realizada por NORFOR no Monte Xaxán (Vilaboa)

indíxenas e en zonas onde habitan especies en perigo de extinción. Para elaborar o informe en base ao cal se concedeu o selo, un certificador SGS de Uruguai visitou durante un par de semanas, da man de NORFOR, as súas plantacións, tempo suficiente para concluír que, efectivamente se cumprían os 10 estándares do sistema de certificación.

Porén, quen coñece a actividade da empresa sabe que a súa xestión está no polo oposto da sustentabilidade e máis ben podería ser exemplo das peores prácticas a todos os niveles. A certificación da actividade de NORFOR amosa a debilidade do sistema de certificación FSC: as empresas elixen aos certificadores e páganlles para que certifiquen as


A APDR vai enviar unha reclamación ao órgano internacional do FSC para que analice e decida sobre as deficiencias da xestión forestal de NORFOR

súas parcelas, e algúns certificadores camuflan os incumprimentos dos estándares FSC. Esta práctica ven sendo común dende que, a partir do ano 96, se se comezan a certificar plantacións, ademais de bosques. Como resultado destas certificacións en falso estanse a producir na actualidade multitude de reclamacións en todo o mundo.


No caso de NORFOR tamén se teñen producido reclamacións, concretamente dúas ata o momento, unha presentada por Greenpeace que está a ser negociada entre os reclamantes e a empresa certificadora, e outra pola Asociación Pola Defensa da Ría, de Pontevedra. Esta última, despois de que a empresa certificadora non recoñece ningún dos aspectos negativos da xestión forestal evidenciados pola APDR, vai ser enviada ao órgano internacional do FSC para que a analice e decida.

UNHA XESTIÓN FORESTAL NON SUSTENTÁBEL

O modelo de produción intensivo resulta por suposto moi rendíbel para ENCE, mais non para os pequenos propietarios particulares, que teñen visto como o prezo da madeira caía en picado nos últimos dez anos nos. A través do monopolio que exerce ENCE no mercado galego, e diante da elevada oferta e a posibilidade de importar barato, a empresa decide baixar o prezo de entrada en fábrica, en prexuízo dos produtores particulares e das Comunidades de Montes. Mentres os prezos da maioría das madeiras están a aumentar á razón dun 8% ao ano, o prezo da madeira de eucalipto, no monte galego, ten pasado dos 70 euros tonelada que se pagaban hai dez anos a rozar os 10 euros da madeira queimada neste último outono.



Aplicación masiva de Glifosato en parcela de NORFOR en Ventoso (02.08.05) (Porto do Son)



Vexetación seca despois da aplicación de Glifosato (23.08.05) en Ventoso (Porto do Son)

Cos numerosos incendios do verán, ENCE e NORFOR fixeron o seu agosto, mais tamén é raro que o prezo da madeira sen queimar sexa moi superior aos 20 euros a tonelada.

Non estraña así que a achega do sector de produción de madeira ao PIB galego estea moi por debaixo do que lle correspondería de acordo coa superficie dedicada a esta actividade. A política de derrube de prezos é unha das claves dos suculentos beneficios de ENCE, e ten como consecuencia o abandono de montes polos pequenos propietarios e as Comunidades de Montes Veciñais. O baixo rendemento socioeconómico é así a causa principal que determina a frecuencia e intensidade do lume, e xa que logo, a brutal erosión asociada aos lumes.

A erosión é precisamente unha das consecuencias máis claras do sistema de traballo forestal de NORFOR. A introdución de maquinaria pesada nas tarefas de tala, sempre a matarrasa, e de plantado con alteración do perfil e mesmo co levantamento total do solo están a provocar acelerados procesos de erosión e destrución do recurso que soporta a vexetación que, ao degradarse, perde capacidade de produción. Doutro lado, a aplicación masiva de herbicidas do grupo do Glifosato para eliminar aos competidores do eucalipto está a provocar, aparte da desprotección mecánica dos axentes erosivos, unha absoluta perda de biodiversidade ademais do descalce das pirámides tróficas dos sistemas forestais co que se perde tamén o posíbel uso pascícola ou cinxético dos eucaliptais da empresa. Pero non son os herbicidas os únicos químicos utilizados por NORFOR; a expansión, a partir de eucalipto impor-

tado, da praga do *Gonipterus* polos eucaliptais de Galicia ten levado a NORFOR á utilización de grandes cantidades de insecticidas sistémicos con consecuencias que se poden supoñer dramáticas para a entomofauna.

No plano laboral, aparte de contratar a outras empresas para determinados traballos forestais, NORFOR segue unha política laboral baseada na precariedade, recorrendo á contratación dentro do réxime agrario que permite facer contratos de até só un día. A situación que se ten creado, con contratos de curta duración para os períodos de actividade, dificilmente permitirá dignidade e seguridade económica aos empregados pola empresa, e menos a supervivencia de moitas comunidades rurais.

O cultivo de eucalipto é desde hai xa tempo unha actividade insostible economicamente, mais a súa substitución por cultivos rendibles e sostibles ambiental e socialmente resulta difícil, dado os elevados custos asociados á erradicación do eucalipto.


APOIO ECOLOXISTA AO FSC

En conclusión, a actividade de NORFOR incumpe unha boa parte dos principios e criterios do FSC e aínda así foi certificada. Cabe preguntármonos se o movemento ecoloxista debe seguir a apoiar a certificación do FSC, cando de forma cada vez máis evidente, se está a conceder o selo a empresas con xestión silvícola claramente insostible. É certo que o propio FSC, ao detectar que o elevado número de reclamacións a plantacións debíase á deficiencias no sistema de concesión, ten iniciado un proceso de revisión da política de certificación

de plantacións pero, a pesar de recoñecer que o sistema non funciona, na Asemblea celebrada en Decembro en Brasil, negouse a aceptar unha moratoria na certificación hasta que finalizase esta revisión, tal e como solicitaron grupos ecoloxistas, de defensa dos bosques e de defensa dos pobos indíxenas de todo o mundo.

Todas as persoas que defendemos os bosques e os produtoras forestais necesitamos un sistema de certificación que sexa unha ferramenta de conservación sostible dos bosques, dos solos, da biodiversidade e das comunidades rurais, e que garanta ao consumidor que detrás do produto que está mercando exista unha xestión que de verdade é sostible. Por iso, FSC debe evitar que o sistema se desprestixie e perda de vista a súa esencia, e definir cal vai a ser o papel que xogue no futuro.

* Benito Andrade é membro da APDR de Pontevedra



Consecuencias do subsolado en plantación de NORFOR en Ventoso (Porto do Son)

ANTÓN MASA, presidente da APDR

"DEFENDEMOS O FIN DA ACTIVIDADE DE ENCE NA RÍA DE PONTEVEDRA"

Antón Masa, presidente a Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) interviu na lección inaugural da Asemblea Xeral de Adegas para facer unha revisión histórica deste movemento ecoloxista desde a súa aparición tras o levantamento do complexo Ence-Elnosa na cidade do Lérez ata a actualidade, momento no cal se está a debater desde as cadeiras políticas o posíbel traslado da factoría de celulosas para

evitar o prolongamento do seu impacto ambiental na ría de Pontevedra. Segundo Masa, a APDR defende o fin da actividade de Ence na Ría de Pontevedra, mais non entra a valorar o traslado.

Masa definiu o nacemento de APDR como a resposta aos prexuízos ambientais que se derivaron da instalación da factoría de celulosas na ría pontevedresa que, nun principio, eran potenciais e

que logo se constataron no tempo, facéndose notabelmente visíbeis. Alén da contaminación da ría polas verteduras da factoría, o impacto que a empresa Ence supuxo para atmosfera e a saúde dos cidadáns pontevedreses é indubidábel a día de hoxe. Paralelamente, a actividade do complexo deixou a súa pegada negativa no sector forestal de Galiza, adquirindo o monopolio comercial da madeira a través da súa

VIAXE A GUALEGUAYCHÚ

ENTREVISTA A ANTÓN MASA, por Belén Rodríguez (CERNA)

O presidente da Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra, Antón Masa, viaxou o pasado mes de febreiro a Gualaguaychú, na Arxentina, para participar na oposición ecoloxista á implantación de novas factorías de papel de Ence ás beiras do Río Uruguai.

- Qué fuches facer alí exactamente?

- O que fixen foi visitar Gualaguaychú, a zona de Arxentina que vai estar afectada pola instalación das fábricas de pasta de papel de Ence e a finesa Botnia nas beiras do Río Uruguai, e tamén fun a Montevideo. Tratábase de explicarlle aos movementos ambientalistas e sindicais a nosa experiencia: os 45 anos de contaminación de Ence en Pontevedra e a a sentenza por delito ecolóxico continuada contra esta fábrica.

- Este proxecto de Ence está a crear unha crise entre Arxentina e Uruguai, ¿por qué?

- Interesadamente, as empresas e mesmo os gobernos buscan a confusión e intentan enfrontar a poboación arxentina coa uruguia. Mais en Uruguai hai moita xente que tamén se opón a Ence e Botnia. Non é só cuestión de que nun lado saquen proveito e a contaminación vai para outro. O desenvolvemento debe abordarse desde a busca dun novo modelo de explotación racional dos recursos agropecuarios, turísticos e fluviais. Nun río internacional, ten que ser un modelo que acepten os dous países, incluso toda América Latina. E quen dirixe ese modelo de desenvolvemento?. Actualmente son as

industrias papeleiras, que non teñen en conta os intereses da poboación nin as repercusións medioambientais e sobre a saúde.

- Qué intereses teñen Ence e Botnia en instalarse na zona?

- A rendibilidade a curto prazo, en países que viven unha situación precaria, e onde a man de obra é moi barata. Son zonas francas onde as papeleiras teñen todo tipo de privilexios, xa que asinan acordos polos que poden facer o que lles dea a gana sen control de ningún e polos que a responsabilidade (paros da fábrica, atrasos das obras..) é asumida polo goberno uruguiaio. Ao mesmo tempo, teñen conseguido grandes superficies para a implantación de eucaliptos, polo tanto, é unha zona ideal para o negocio. Ademais, a lexislación ambiental é menos estrita que nos países da Unión Europea. Alí, venden o branqueo de papel con derivados de cloro coma un sistema moderno.

- Ese proxecto de ENCE, tería algunha repercusión para Galiza?

- Non garda relación coa posíbel saída de Ence de Pontevedra. As reboacións de crecemento rápido para celulosa en Sudamérica vén xa desde hai 12 ou 13 anos, cando non pensaban

en saír da ría de Pontevedra. Aínda hoxe non se queren ir ate chegado o 2018.

- E en canto aos prezos do eucalipto en Galiza?

- En Galiza, Ence xa non merca madeira de produtores individuais, polo menos na zona sur. Só merca nos montes da súa filial forestal Norfor ou dos pertencentes a consorcios coas comunidades de montes. Tamén merca en Portugal, Uruguai, Brasil, etc, monopolizando o comercio do eucalipto. Se deixa de vir madeira de Uruguai para Galiza sería posíbel pensar que Ence vai utilizar máis a madeira producida aquí, pero de seguro fixaría os prezos á baixa sen compensar aos produtores.

- Como esta a ser a presión dos grupos ecoloxistas?

- A Asemblea Ciudadana e Ambientalista de Gualaguaychú, constituída por sindicalistas e asociacións de todo tipo, está a manter unha loita impresionante, desde a parte arxentina. En Uruguai, os grupos ecoloxistas Guayubira e Movid contan con pouca forza pero están mantendo con Greenpeace unha oposición moi coherente contra a reboación forestal do eucalipto. Neste país a sociedade está máis dividida e moita xente pensa que a chegada das

filial Norfor o que provocou nos últimos anos a baixada ininterrompida dos prezos do eucalipto e as queixas do sector.

Así foi como Masa resumiu as consecuencias actuais da instalación de Ence na Ría de Pontevedra aprobada polo goberno franquista nos anos 60. Daquela, recorda Masa, había un sector urbán que aplaudía a chegada de Ence a Pontevedra porque consideraba que ía ser o motor económico da cidade e de toda a comarca e que descoñecía, por outra parte, os problemas ambientais que dela se derivarían. Doutro lado, a oposición ao complexo empresarial estivo comandada polas mariscadoras de Lourizán, as cales se enfrontaron directamente ao exército español por defender os bancos marisqueiros dos que viví-

Xaquín Soliño



Xaquín Soliño



© Alberte SR



fábricas de papel vai ser o despegue económico de Uruguai. É difícil facerlle ver á xente cunha situación económica pésima que isto é "pan para hoxe e fame para mañá".

- Cál é o papel do Banco Mundial?

- Banco Mundial esta repensando se seguir adiante cos créditos a estes proxectos, debido á presión social en contra. Está a esixir máis garantías ás fábricas, mais non sei en que pode quedar iso. Tampouco sei que pode pasar cos achegamentos que está a haber entre os gobernos arxentino e uruguaio, mediados por personalidades notábeis dos dous países, entre os que está o premio nóbel Pérez Esquivel.

- Qué futuro lle vaticinas a esta problemática?

- A min gustaríame que as fábricas non se chegaran a construír, pero vexo difícil que non se fagan polo avanzado que está o traballo, sobre todo o da fábrica de Botnia.

an de forma directa arredor de 9.000 familias.

Xunto coa factoría de celulosas Ence instalábase no mesmo lugar a electroquímica Elnosa que frecuentemente producía escapes de cloro que repercutían gravemente nas facultades respiratorias dos cidadáns pontevedreses. A oposición

organizada e a sensibilidade social xurdiron a finais dos anos 70, cando as consecuencias da actividade de Ence comezaron a ser notábeis na saúde e no medio.

Porén, o nacemento de APDR non se produce ata o ano 1986. APDR asume entón toda a problemática ambiental de

Pontevedra e a súa bisbarra e encamiña o proceso da presión social cara a Administración, a cal lle permitía a factoría de celulosas incumprir a lexislación ambiental e sobre a saúde pública.

"Hai 40 anos, en pleno franquismo, había un sector urbán que aplaudía a chegada de Ence a Pontevedra porque consideraba que ía ser un motor económico"

ca. A pesares de que o goberno emitía informes oficiais que deixaban en mal lugar á empresa, Ence non foi condenada por delito ecolóxico ata o 2002, converténdose na primeira entidade do Estado poseedora de tan revelador distintivo. Aínda así a situación non muda, e a privatización da empresa e a entrada de Caixa Galicia tampouco supuxeron cambios. Tan só a presión social e xudicial fan que se rectificuen algúns parámetros tecnolóxicos en canto ao branqueo do papel. Pero iso non foi suficiente.

Segundo di Masa, agora estamos a vivir un punto de inflexión no que a presión social é moita e os cidadáns de Pontevedra néganse maioritariamente a seguir nesa situación de desprotección contra as agresións do complexo Ence-Elnosa. O cambio de goberno de Galiza supuxo o compromiso formal de trasladar a factoría e retirala da Ría de Pontevedra, pero o presidente de APDR non se amosa moi confiado: "Nós defendemos o fin da actividade de Ence na ría, non entramos a valorar o traslado da factoría porque non implica que o problema acabe. Nese outro lugar elexido pode

"Agora, a presión social é moita e os cidadáns de Pontevedra néganse maioritariamente a seguir nesa situación de desprotección contra as agresións do complexo Ence-Elnosa"

sucedor o mesmo que o que pasou en Lourizán". Asimesmo, Antón Masa, fixo unha chamada de atención a tódolos grupos ecoloxistas galegos para que se manteñan cautelosos ante a promesa de traslado de Ence por parte da Xunta de Galiza: "quén paga o traslado, qué novo emprazamento é o elexido, quén o busca, e baixo qué condicións se produce... todo isto está aínda por ver e hai que ser cautelosos".

Celulosas

ARXENTINA, URUGUAI E GALIZA:



Uruguai foi un dos países que recibiu máis cantidade de emigrantes galegos. Outro deles foi Arxentina. Durante máis dun século, centos de miles de galegos chegaron a estas dúas nacións en busca dunha alternativa económica que por aquel entón Galiza non lles ofrecía.

Dende hai unhas tres ou catro décadas deixaron de vir galegos ao Río da Prata, polo menos con intencións de ficar definitivamente. É máis, son agora os arxentinos e uruguaios os que cada día máis parten cara Galiza en busca de oportunidades laborais. Tres países que se atopan irreversiblemente irmanados á consecuencia da penosa marcha do capitalismo internacional: colonialismo, mercantilismo, guerras mundiais, "capitais andoriña", imperialismo, etc., que fixeron que ao longo dos últimos tres séculos miles de traballadores/as se desprazasen dun continente a outro en busca de condicións de vida dignas.

Pero a época de globalización trouxo novas formas de explotación e degradación para os nosos pobos. É así que, no marco da mundialización da economía e da rápida expansión dos capitais transnacionais, comezará a construírse en Uruguai unha das maiores fábricas de celulosa, que ten a súa orixe en Galiza, na ría de Pontevedra. En pouco máis dun ano a papeleira ENCE, propiedade do grupo Caixa Galicia, instalará perto da cidade de Frai Bentos (departamento de Río Negro), ás beiras do río Uruguai, unha procesadora de pasta de celulosa con capacidade para producir máis de medio millón de toneladas ao ano.

A pesar de que os executivos e técnicos de ENCE repitan unha e mil veces que dita planta non producirá ningún tipo de contaminación ambiental, sabido é que a utilización de dióxido de cloro no procesamento da madeira acarrea graves danos ecolóxicos como consecuencia da produción en cantidades considerábeis de dioxinas e furanos. É dicir, máis ou menos o mesmo que veu ocorrendo coa ría de Pontevedra nas últimas décadas, ocorrerá agora co río Uruguai. Outra oportunidade que nos brindan as multinacionais do capital para estar máis

irmanados que nunca, neste caso para impedir que se sigan instalando plantas de celulosa nas nosas terras.

¿Beneficios económicos para Uruguai? Ningún, máis ben, todo o contrario. ENCE instalárase nunha "zona franca", é dicir, unha área na que se lle garante a súa total impunidad fiscal, non pagará ningún tipo de impostos, renda, aranceis de exportación, dereitos aduaneiros, nen nada que se lle semelle, apenas unha pequena taxa polos dereitos de instalación na zona franca. Contará co seu propio porto privado, aforrando todo tipo de gastos portuarios. Ademais, xa conta con máis de medio millón de hectáreas de

"ENCE instalará perto de Frai Bentos (Río Negro), ás beiras do río Uruguai, unha celulosa con capacidade para máis de medio millón de toneladas ao ano"

bosques de eucalipto de balde, plantados nas mellores pradarias da rexión, sobre unha das reservas de auga máis importantes do planeta: o acuífero Guaraní. Plantacións feitas ao abrigo dunha controvertida lei de forestación que incentivou este tipo de cultivos, con importantes exoneracións fiscais.

Por se fose pouco, o municipio de Río Negro puxo toda a súa infraestrutura a disposición de ENCE e Botnia, a outra empresa papeleira, de orixe finés, que tamén se instalará na zona. Tal é así, que o 19% do orzamento municipal será destinado á construción e mellora das estradas de acceso ás plantas, a acondicionar o seu contorno e brindar todos os servizos necesarios para que poidan operar sen dificultades. Todo isto a cambio de 300 postos de traballo, con soldos moi modestos, e a promesa dun eventual "desenvolvemento local" que non acaba de ficar claro en que consistirá.

O empeinamento do novo goberno uruguio, en mans do Fronte Amplio (unha coalición de partidos e

movementos de "esquerda"), para que estes proxectos sigan adiante, a estas alturas, custa entendelo, sobre todo, tendo en conta que durante a campaña electoral os seus principais dirixentes se pronunciaron en contra da instalación das plantas de celulosa. Agora mudan a súa posición e defenden ás multinacionais do papel.

Cada día queda máis claro que a contaminación vai ser moi importante e os beneficios económicos moi poucos. Agora resulta que o tema se desvía cara unha "patriótica" confrontación con Arxentina, á consecuencia de que grupos de veciños e movementos ecoloxistas arxentinos bloquearon as pontes que unen Arxentina con Uruguai, como forma de protesta, dado que do outro lado do río, obviamente, tamén se sufrirán as consecuencias da contaminación. Unha medida de protesta que pode ser discutibel pero que é a ferramen-

"Custa entender o empeinamento do novo goberno do Fronte Amplio, de esquerdas, para que estes proxectos sigan adiante"

ta que se deron os veciños e viciñas da provincia de Entre Ríos (Arxentina), para se opor á instalación destas factorías que en poucos anos acabarán co turismo, a pesca e seguramente traerán consecuencias moi negativas na saúde da poboación.

Pero non só do lado arxentino hai protestas, en Uruguai tamén grupos ecoloxistas como Guayubira, Redes-Amigos da Terra e Greenpeace Uruguai, están mobilizándose fortemente para evitar a instalación destas plantas. Mesmo algúns grupos integrantes do propio Fronte Amplio como a Corrente de Esquerda e o Movemento "26 de marzo", se pronunciaron en contra. O escritor Eduardo Galeano xunto a un grupo de intelectuais suscribiu un manifesto solicitando ao



gobierno que non permita a instalación das plantas de celulosa. Tamén a central sindical única de Uruguai: PIT-CNT, no seu último Congreso declarouse en contra destas plantas. Nin que falar do traballo, que se ven realizando en Galiza, tanto dende a Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra e máis recentemente desde o "Movemento antipapeleiras no río Uruguai".

En definitiva un problema que excede os límites territoriais de cada unha das nacións involucradas e que obriga aos pobos, hoxe máis que nunca, a unirse para loitar contra a contaminación ambiental, a expoliación capitalista, os falsos dilemas que fan que se enfrenten os pobos, cando en realidade, como ben se sabe, os capitais non teñen nación, non teñen bandeira e non coñecen máis linguaxe que o da maximización das súas gañancias e a degradación da terra.

*Rafael Rey é sociólogo (Uruguai)

¿DE QUÉ LADO ESTÁS?



Si no pensás armar las valijas para mudarte de Gualaguaychú...

PARTICIPÁ!!!

Todos juntos podemos evitarlo.

Estamos a tiempo!!!

Sumate a las convocatorias!!!

ASAMBLEA CIUDADANA AMBIENTAL DE GCHÚ.
www.noalapapelera.com.ar

"A SITUACIÓN AMBIENTAL DE GALIZA É MOI DELICADA"

Entrevista por Manuel Soto e Belén Rodríguez

- Cal é a función desta Dirección Xeral nas políticas da Xunta de Galiza?

© Alberte SR

- Desde a perspectiva mediática a nosa función é bastante escura porque as da nosa competencia son políticas a medio e a longo prazo: cambio climático, promoción da sustentabilidade, educación, investigación.... Trátase de garantir a sustentabilidade en todas as accións estratéxicas da Administración galega.

- Cales son pois os principios da sustentabilidade?

- Ao contrario do que se pensa con frecuencia, a sustentabilidade non é só medioambiental. Significa acadar un punto de intersección entre a protección do medio ambiente, o desenvolvemento económico e a cohesión social. Son os tres principios básicos da sustentabilidade e mal imos se os tres non marchan en paralelo. A problemática de Cabo Touriñán é un claro exemplo de que é necesario falar cos sectores sociais afectados polas medidas de protección ambiental e cos compoñentes económicos. É unha tarefa complicada.

- Na sustentabilidade predomina o ambiental sobre o económico?

- Si, nos casos en que as variábeis ambientais teñan máis valor que o resto. O que non podemos permitir é que a variábel económica sexa a única triunfadora do conflito.

- Considerar a política de sustentabilidade como responsabilidade da "Consellaría de Medio Ambiente" pode entenderse como unha ausencia de transversalidade coas diferentes políticas sectoriais?

- O desenvolvemento sustentábel é un asunto de todo o goberno. Neste caso a D.X. de Sustentabilidade está situada na Consellaría de Medio Ambiente, pero podería estar en Presidencia ou ser unha axencia independente. Non creo que sexa un indicador de ausencia de transversalidade, pero é certo que para unha Dirección Xeral é difícil integrar a compoñente ambiental no resto das políticas. Por iso creamos un Comité Interdepartamental de



Desenvolvemento Sustentábel, un foro representado por todas as consellarías da Xunta de Galiza que se reunirá por primeira vez no mes de Xuño para tratar, entre outros temas, o Plano de Acción do Cambio Climático e a aplicación da Directiva de Augas.

- No acordo de goberno, a sustentabilidade estaba ausente do eixo "emprego e desenvolvemento económico", non existindo referencias á aspectos como a integración da protección ambiental, a ecoeficiencia, a fiscalidade verde ou as tecnoloxías limpas...?

- Pode ser, pero nas actuacións destes case nove meses fixéronse adiantos importantes neses aspectos. Houbo cambios notábeis en canto á protección ambiental como a paralización de varios aproveitamentos hidroeléctricos ou a nova política de axudas para territorios da rede natura 2000; a Consellaría de Industria ten programas de ecoeficiencia, tecnoloxías limpas, tecnoloxías renovábeis (con especial mención á enerxía solar)... Estamos traballando na fiscalidade verde, pero é un traballo complexo que tardaremos en presentar.

- Falábanos da integración entre as políticas económicas, sociais e ambientais... Por qué vías ou actuacións se pensa avanzar nisto?

- Temos diferentes liñas de acción, algunhas delas a medio e longo prazo como é a política de sensibilización social sobre a sustentabilidade. Tan só o 8,5 % da sociedade galega ten un coñecemento correcto deste termo, segundo unha enquisa. Todo o mundo fala de desenvolvemento sustentábel pero non cala socialmente. Debemos facer un importante esforzo neste senso. A parte disto, a nosa acción irá ligada ao proceso de participación social para definir a Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentábel. Agardo que en poucas semanas poidamos presentar o borrador da nova EGDS ao Comité Interdepartamental de Desenvolvemento Sustentábel e iniciar a participación social a través dun importante plano de comunicación: debates, foros, caravanas que percorreren Galiza...

- Dispomos de referencias de sustentabilidade ou modelos noutros países ou lugares?

- Temos modelos sectoriais: cidades do estado, polígonos industriais... En Donostia, por exemplo, as variábeis de sustentabilidade están totalmente inte-

EMILIO MANUEL FERNÁNDEZ SUÁREZ

"Estou moi preocupado pola explosión urbanística que ameaza ao litoral"

Actual Director Xeral de Desenvolvemento Sustentábel, naceu en Vigo en 1961. É doutor en Bioloxía e profesor titular de Ecoloxía na Universidade de Vigo. Foi vicedecano da Facultade de Ciencias do Mar. Como investigador prolífico en augas do Atlántico e da Antártida, ten publicado 80 traballos en revistas de recoñecido prestixio internacional. Na actualidade é membro do Comité Español de Investigación do Cambio Global (Ministerio de Educación e Ciencia).

- Qué opinión ten da situación ambiental de Galiza?

A situación é delicada: as deficiencias no saneamento, a problemática dos residuos, a indefinición da protección dos nosos espazos naturais (especialmente da Rede Natura) e dos usos deses territorios... E agora temos que ir a Bruxelas a explicar na Comisión Europea a situación da Ría de Vigo a raíz dunha sentenza condenatoria que podería resultar nunha sanción de 20 millóns de euros.

- Non é Galiza un paraíso ambiental?

- Curiosamente os galegos pensamos que vivimos nun medio natural moi ben conservado. En parte é certo pero existen focos moi preocupantes no litoral, as grandes cidades están sen depuración, a conservación da paisaxe estase a descoidar, polo despoboamento do interior, os incendios son

gradas e son visíbeis, como o uso masivo da bicicleta pola poboación. E no ámbito urbanístico podemos pensar en Allariz. En Galiza tamén existen modelos de compostaxe que están a funcionar de xeito limitado. Debemos amosarlle á xente as alternativas aos referentes tradicionais.

- Cales son as medidas de maior alcance?

- Estamos xa a aplicar o proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica dos planos e programas das políticas da Xunta, que se diferencia da habitual Avaliación de Impacto Ambiental en que mentres esta faise "a posteriori", unha vez que a propia obra ou actuación se vai desenvolver, a Avaliación Estratéxica permite introducir os principios da sustentabilidade xa no planeamento da acción. É necesaria para evitar planos urbanísticos que non contemplan a depuración das augas, unha adecuada xestión de residuos, un plano de mobilidade sustentá-

especialmente dramáticos e estamos lonxe de cumprir as normativas comunitarias. Sobre todo estou moi preocupado pola explosión urbanística que ameaza ao litoral.

- Coñece o "Programa para a Terra" lanzado polos colectivos ambientalistas galegos no momento das últimas eleccións autonómicas?

- As liñas xerais do "Programa para a Terra" están recollidas nas liñas de actuación da Consellaría. O que non sei é se a aplicación deses principios cos que estamos de acordo, serán de satisfacción.

- A pegada ecolóxica da sociedade galega avalíouse en 7 ha per cápita, moi superior á media europea.

- A pegada ecolóxica derivada da enerxía en Galiza non está ben medida, xa que unha parte importante no que se refire aos combustíbeis fósiles vai fóra de Galiza. Así a pegada global ficaría nunhas 5 ha per cápita aproximadamente. Sobre consumo responsable temos moi poucas cousas feitas e temos que pensar en algo.

- A sustentabilidade vai estar reflectida no novo Estatuto de Galiza?

- Non o sei, pero eu apostaría a que si. O prioritario é que existan políticas de sustentabilidade, tal e como indican os documentos europeos.

bel... Esa é a nosa obriga. É a forma de que a Consellaría de Medio Ambiente emita informes reais da calidade ambien-

"A sustentabilidade significa acadar un punto de intersección entre a protección do medio ambiente, o desenvolvemento económico e a cohesión social"

tal dos planos, fronte ao silencio administrativo do anterior goberno.

- En que consistirán os Núcleos de Sustentabilidade Integral?

- Temos un atraso importante na implantación das Axendas 21 en Galiza. Nestes momentos está instaurada en 17 concellos, nalgúns funciona ben e noutros tan só é un documento sen aplicabilidade directa. Detectamos problemas metodolóxicos e frustración na xente porque non consegue implicarse no pro-

ceso de implantación. Como esa "carreira" xa a perdemos, pensamos en crear experiencias realmente dinamizadoras a través de Núcleos de Sustentabilidade Integral, concentrando todos os esforzos nun número reducido de núcleos que poden ser concellos ou agrupacións de concellos.

- Como será o proceso?

- Será controlado pola propia Dirección Xeral a través da Axencia de Desenvolvemento Sustentábel. As Axendas 21 locais estarán conectadas coas Axendas 21 escolares; haberá un programa de formación na sustentabilidade para as empresas, para os diferentes sectores sociais e para eses concellos; un programa de difusión para que a experiencia sexa coñecida no resto de Galiza e do Estado e a Consellaría de Medio Ambiente comprometerase a crear un Plano de Acción no proceso de participación social polo cal financiará parte do proxecto xunto co Ministerio de Medio Ambiente.

- Aplicaranse só a nivel municipal?

- Paralelamente estamos traballando, na mesma liña, en polígonos industriais e universidades. Imos presentar tamén un programa xeral sobre o uso sustentábel do mar, coa Confraría de Pescadores Mardelira, e programas de compostaxe específicos para sectores, con Sogamía. Os núcleos, seleccionados co consenso da Fegamp, coñeceranse en xullo.

- Xa non se fala de "crecemento cero" para facer sustentábeis aquelas sociedades fortemente consumistas como a galega?

- O primeiro paso cara a sustentabilidade é o desacoplamento da economía (do PIB) de variábeis coma o consumo enerxético ou de materiais. En Europa xa comeza a desacoplarse o PIB e o consumo enerxético pero nós aínda estamos lonxe disto e, polo tanto, tamén estamos máis lonxe da sustentabilidade. Mais

pode ser complicado falarmos de manter o crecemento económico e acadar a sustentabilidade.

- Que mellora haberá no acceso á información ambiental?

- Pensamos que en pouco tempo toda a información ambiental da Consellaría de Medio Ambiente será pública. A Directiva Europea indica que debe estar dispoñíbel preferentemente en formato electrónico. Actualmente tan só se publica a información meteorolóxica, pero xa comezaron os traballos para

"Agardo que en poucas semanas poidamos presentar o borrador da nova Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentábel"

facer pública toda a rede de control da calidade do aire de Galiza, que se atrasaron un pouco por culpa das incompatibilidades informáticas entre os diferentes sistemas. Iso si, tan só van ser públicos os datos validados, non podemos ser cómplices de falsas alarmas. Seguidamente, aplicaremos o mesmo sistema coa rede de calidade da auga.

- E en canto á participación da cidadanía...

- Todos os planos van ser debatidos coa sociedade en xeral (a EGDS, o Plano de Resíduos...), e vanse presentar fraccionados para poder ser debatidos cos sectores sociais, universidades, ecoloxistas, etc. Outra cousa é se nos poñemos de acordo con todos. A idea da consellaría é non ter medo ao debate nin a tomar decisións sen présa.

- As entidades ambientalistas teñen solicitado formar parte do Consello Económico e Social. Axudaría iso a resolver certos conflitos?

- Eu apoiaría que as organizacións ambientalistas estiveran no Consello Económico e Social. Non sei se sería

máis doado resolver conflitos, pero creo que é unha voz que debe ser escoitada, porque moitas veces as organizacións ecoloxistas teñen unha cantidade de información procesada da que ás veces a Administración carece.

- Reformouse o Consello Galego de Medio Ambiente?

- Xa está publicado no DOG e no novo Consello, máis amplo que o anterior, predomina a representación social (sindicatos agrarios, confrarías...) e tamén participan máis consellarías da Administración. Neste Consello non se establecerán ditames vinculantes pero poderanse facer propostas, e por el pasarán todos os planos estratéxicos de Galiza.

- Tamén se revisará a Estratexia Galega de Educación Ambiental?

- Xa se previa facelo cada seis anos e estamos niso. A Sociedade Galega de Educación Ambiental e o Instituto de Ciencias da Educación faranse cargo do estudo de diagnose e da proposta da nova EGEA coa condición inescusábel de que coordinen o traballo e involucren a todos os sectores que consideren adecuados. Por suposto, este traballo realizarase conxuntamente coa Consellaría de Educación.

- Por que non un Observatorio Galego da Sustentabilidade?

Haberá algo parecido para finais do ano que vén que será a Axencia Galega de Desenvolvemento Sustentábel, que se encargará de facer o seguimento dos indicadores da sustentabilidade de Galiza. Aínda non sabemos que fórmula imos utilizar para a súa constitución (fundación, departamento...), pero persoalmente creo que é mellor que sexa un órgano independente da consellaría para que nos indique se a dirección que tomamos é a correcta. Terá un carácter máis técnico que participativo porque para isto xa está o Consello Galego de Medio Ambiente.



NUCLEARES E QUIOTO:

NOVO ESCENARIO PARA UN VELLO DEBATE

Daniel Vispo e Fins Eirexas*

O debate sobre a enerxía nuclear xira, como antano, arredor dos riscos para a poboación e o impacto ambiental que estas instalacións ocasionan, ademais da súa pouco clara economía e de contar con problemas irresolúbeis, como o dos residuos radioactivos. Porén, o debate dáse agora nun novo escenario, marcado polas alarmantes consecuencias do cambio climático. Considerado por algúns como unha inestimábel axuda ao repuntamento nuclear, para outros, o debate da cuestión enerxética debe ser máis amplo e debe tomar en consideración enerxías como a eólica ou a solar, hoxe xa cunha viabilidade contrastada, así como o potencial para o aforro e a eficiencia enerxética.



A central nuclear de Zorita (Cidade Real) deixou definitivamente de funcionar a partir das 23:30 horas deste 30 de abril, en virtude dun acordo do ano 2002 da Comisión de Industria do Parlamento. Remata así parte dun longo pesadelo de case 40 anos (quedan aínda 9 até o seu completo desmantelamento), mais o mal soño da enerxía nuclear e dos seus refugallos parece non ter fin. Con motivo da parada definitiva desta central, e fronte a certas voces que coa escusa de frear o cambio climático queren resucitar o negocio da industria nuclear, ADEGA volta a insistir que a opción nuclear segue a ser absolutamente inaceptábel, tanto dende o punto de vista ambiental, da saúde e da solidariedade, como dende o punto de vista económico e da seguridade. Non queremos nucleares a cambio de térmicas. A alternativa: renovábeis, aforro e eficiencia.

A central que agora se ven de pechar tiña instalados 160 MW de potencia eléctrica e entrou en funcionamento no ano 1968 ao abeiro do "industrialismo" do réxime franquista. Estaba integrada por un reactor de primeira xeración de auga a presión, con graves defectos en canto a materiais e deseño. Durante a súa vida útil bateu a marca de incidentes e paradas de todas as centrais do estado. En 1994 detectáronse serios problemas de corrosión no xerador de


vapor e na tapa do reactor, que non sería substituída até 1997. No 2004 cambiouse o combustíbel e acháronse graves fallas de seguridade nunha bomba de refrixeración e caeu un parafuso dentro do reactor. Todos estes "inconvenientes" e "incidentes" poñen de manifesto o risco que supoñen estas instalacións, verdadeiras "ruletas rusas" que xogan co medio ambiente e a saúde de xeracións enteiras.

Perante o debate social que está suscitando a volta á enerxía nuclear, ADEGA fixo públicas as consideracións que seguen.

En relación ao cambio climático, de ningún xeito é certo que as nucleares evitan a emisión dióxido de carbono. A extracción e enriquecemento do uranio e a construción da propia central son procesos que comportan elevadas emisións de dióxido de carbono. Alén disto, o uranio é un recurso non renovábel que hai que importar, co que o un territorio que aposta pola nuclear pasará a facerse fortemente dependente deste mineral e porén das empresas que controlan o seu comercio a nivel mundial.

En Franza, onde a industria nuclear supón o 80% da xeración eléctrica, non se están a cumprir os obxectivos de Quioto. Mentres, Alemaña que decidiu abandonar a nuclear e apostar polas enerxías renovábeis, ten acadado os obxectivos de redución das súas emisións de GEIs. Cómpre lembrar que Alemaña é o país de Europa con meirande potencia eólica e fotovoltaica instalada, anque os seus recursos de vento e sol son moi inferiores aos de España.

No entanto, os obxectivos de Quioto aínda que referidos aos estados, atinxen ás



empresas emisoras (térmicas de carbón, fundamentalmente) das que ficán en Galiza as máis contaminantes de Europa. Para estas empresas se non poden acadar máis cota, ou non queren gastar demasiado no mercado das emisións, o recurso das nucleares convértese xa que logo na solución perfecta. Nada se fala, no entanto, do aforro e da eficiencia enerxética como método para conter a demanda desbocada (e interesada) de enerxía.

Dende o punto de vista da saúde, non podemos esquecer os graves riscos dos probábeis escapes e variados "incidentes" que poidan producirse durante o funcionamento da central nuclear, nin tampouco a perigosidade dos seus residuos radioactivos. Ademais, estes riscos transfírense ás xeracións futuras por moitos milleiros de anos. A xestión dos refugallos nucleares está moi lonxe de ser resolta: é absolutamente insolidario pensar en trasladar ás xeracións futuras os problemas producidos pola inconsciencia e a dilapidación actuais.

Nestes intreos, o estado español está considerando diversas opcións para un depósito temporal de refugallos nucleares de alta actividade. Unha das posibles localizacións barallada é Galiza, pola súas especiais características xeolóxicas, aínda que a recente modificación da categoría sísmica do noso territorio poida ter contribuído a desviar a atención do Consello de Seguridade Nuclear cara outros territorios.

Por moitas que sexan as medidas de seguridade e a prevención, a posibilidade dun accidente de fatais consecuencias sempre existe. A tecnoloxía nuclear está hoxe moi lonxe de ser segura. Tamén debemos ter presente que a implantación da tecnoloxía nuclear civil conduce á dispoñibilidade de combustible para as armas atómicas. Velaí está a crise (de momento diplomática) co actual goberno iraniano polas pretensións deste de acceder á tecnoloxía nuclear de uso civil.

Finalmente, a opción nuclear só é rendíbel para as empresas eléctricas na medida en que os gastos da produción e xestión do uranio así como o alto custo da xestión dos refugalloos están socializados, isto é, corren a cargo dos orzamentos do Estado, é dicir, á conta de todos nós.

ADEGA reafirmase hoxe nos mesmos argumentos que a finais dos setenta cimentaron a consciencia antinuclear de Galiza na marcha de Viveiro a Xove en contra da proxectada central na Mariña, e que poucos anos despois mobilizaron a sociedade galega en contra dos vertidos radioactivos na foxa atlántica. Por iso, ADEGA ven de solici-



Entre 1967 e 1983, vertéronse fronte as costas galegas unhas 1000.000 toneladas de produtos radioactivos, na maior parte procedente de centrais nucleares de varios países europeos. Na imaxe, o autobús no que activistas de ADEGA viaxaron a Inglaterra para protestar contra estes vertidos.

tar ao Parlamento de Galiza e ao goberno da Xunta que no texto do Estatuto se declare expresamente a vontade decidida dos galegos e galegas de termos unha terra libre do pesadelo nuclear. Unha Galiza desnuclearizada, libre de instalacións de produción, enriquecemento ou almacenamento de combusti-

bel e refugalloos nucleares, polo perigo que entrañan tanto para as xeracións actuais como para as futuras.

*Daniel Vispo é Secretario Xeral e Fins Eirexas é Secretario Executivo de ADEGA

+ www.nodo50.org/ecologistasclm/noticias/energia/ZoritaFalloJul04.htm

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola Denominación de Orixe

www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
 Tmo. e fax: 981 50 76 53

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

INIA rural

POR UNHA PLANIFICACIÓN EÓLICA SUSTENTÁBEL

Fins Eirexas*

ADEGA é partidaria do aumento da participación da enerxía eólica na produción enerxética, sempre no marco dunha política enerxética sustentábel e equitativa que priorice o aforro, a suficiencia e a eficiencia enerxéticas. As renovábeis deben substituír progresivamente a aquelas outras fontes que consumen recursos finitos e son máis contaminantes.

Porén, no actual contexto non podemos apoiar Plano Eólico de Galiza en vigor. O goberno anterior obrou o prodixio de converter unha enerxía de baixo impacto ambiental nun factor importante de deterioración dos espazos naturais máis valiosos da nosa terra, como teñen constatado a inmensa maioría dos estudosos da nosa natureza.



A construción de parques eólicos en espazos naturais causa un grave dano

O IMPACTO DO PLANO SECTORIAL EÓLICO DE GALIZA

A enerxía eólica, renovábel e sen efecto invernadoiro, presenta vantaxes ambientais decisivas fronte ás enerxías que se obteñen da combustión de carbón, petróleo ou gas natural. Estas vantaxes compárteas coa enerxía hidráulica e, ao igual que esta, non está exenta de impactos ambientais negativos, os cales van depender de onde, de como e de cantos parques eólicos se instalen.

No caso de Galiza, estes impactos ambientais están a ser moi considerábeis. A aplicación do Plano Eólico de Galiza, vixente aínda despois do cambio de goberno, provocou e está a provocar o incumprimento sistemático da lexislación ambiental nas zonas que fan parte da Rede Natura 2000.

Ese Plano Eólico afirma que "procede declarar la compatibilidad de estas instalaciones con el paisaje gallego, dado el potencial eólico de la región, que haga de los parques eóli-

cos una seña de identidad de la Galicia del futuro". Para nós, isto está totalmente fóra de lugar e revela a nula sensibilidade paisaxística dos seus redactores. Enténdese así que un "sinal de identidade" galego sexa a paisaxe deteriorada.

Logo do cambio político, o novo goberno continuou a tramitación de parques eólicos ao abeiro da anterior planificación, mesmo en espazos protexidos ou de alto valor natural. Casos coma os dos LICs Estaca de Bares (p. e. de Punta Maeda), Brañas do Xestoso (p. e. do Couto de San Sebastián), Costa da Morte (p. e. Muxía 1), e da Serra do Suido e Macizo Central (parques eólicos e canteiras), amosan unha falla de compromiso real da nova administración co desenvolvemento sustentábel desta enerxía.

Non podemos entender como se seguen a tramitar instalacións que comprometen a viabilidade ecolóxica dos poucos espazos protexidos que nos quedan e coutan as posibilidades de desen-

volvemento sustentábel para os seus habitantes.

PROPOSTAS

ADEGA considera que unha política enerxética ecoloxicamente sustentábel debe ter como primeira prioridade a promoción do aforro e a mellora da eficiencia enerxética. En relación coa problemática ambiental dos parques eólicos, ADEGA propón:

1. Suspender a aplicación do Plano Eólico mentres se procede á súa revisión. No entanto, declarar unha moratoria real e paralizar todos os proxectos en tramitación nados ao abeiro da planificación anterior.

2. Deberían ser excluídos de entrada como espazos susceptíbeis de albergaren parques eólicos alomenos todos aqueles espazos naturais que son obxecto dalgunha figura de protección legal. É necesario definir un mapa no que se establezan claramente as zonas de exclusión.

3. Facer unha avaliación ambiental estratéxica imparcial e rigorosa que valore tamén o impacto no medio do Plano Eólico no seu conxunto, e tamén dos tendidos eléctricos necesarios, e non só de cada parque eólico de xeito illado.

4. O novo Plano Eólico deberá garantir a adopción de todas as medidas necesarias para a protección efectiva do patrimonio cultural e do atractivo turístico de Galiza.

5. A consideración dun parque eólico como de interese público e utilidade social debe estar xustificada.

6. A administración deberá promover alternativas sustentábeis para a o desenvolvemento económico das poboacións residentes nos espazos protexidos.

*Fins Eirexas é secretario executivo de ADEGA en funcións e vocal de Enerxía

"EN POUCO TEMPO VEREMOS CAMBIOS IMPORTANTES EN SOGAMA"

Entrevista por Manuel Soto Castiñeira

©Alberte SR



Xoaquín Lucas Buergo del Río é Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galiza, o departamento responsábel das políticas de xestión de residuos en Galiza. Participou a finais de maio nunhas xornadas sobre a xestión do lixo organizadas por ADEGA e a FEG, e con ese motivo conversamos con el para Cerna

realidade é que SOGAMA recibe unhas 800.000 t/ano de RSU das que unhas 14.000 t/ano corresponden ao contedor amarelo e o resto ao contedor verde e bolsa negra. Das 786.000 t procedentes da bolsa negra recupéranse 7.000 t para reciclado. Restan pois 779.000 t cuxo destino e a valorización dunhas 500.000 t e o resto destínase á eliminación en vertedoiro.

En definitiva SOGAMA quedouse pequena e ten que dar un salto importante en tres direccións: a) Completar o centro industrial de Cerceda coa potenciación da reciclaxe e outras melloras, b) Iniciar un proceso de descentralización cara o sur, e c) Poñer en marcha, cos concellos que o soliciten, programas de compostaxe doméstica. En pouco tempo veremos cambios importantes en SOGAMA.

- Non indica esta situación un claro fracaso do modelo de recollida coñecido como "bolsa amarela" ou "contedor amarelo", do modelo Ecoembes, en definitiva?

- Eu non falaría de fracaso senón de grandes posibilidades de mellora. Ecoembes é hoxe un SIX que ten a vantaxe de proporcionar unha interlocución única entre xestores, produtores de envases e a Administración, o que é moi importante. Estivemos acadando as cifras fixadas pola directiva comunitaria para o estado español en materia de reciclado dos envases e similares, e a nova normativa é máis exixente. Neste momento estase a debater a nova lei de envases dirixida a traspoñer as novas directrices europeas. Creo que é un momento idóneo para darmos un salto adiante moi importante.

- ¿Qué papel lle reservan á prevención e redución en orixe nas novas políticas?

- A prevención en orixe ten dúas escalas territoriais distintos. No galego, teremos unha parte enteira dedicada á prevención no novo Plano de residuos. No estatal, pasado o debate da nova lei de envases, haberá que abrir outro sobre os

- Cómo avalía a situación actual no eido do lixo doméstico?

- Neste momento hai en Galiza tres xestores finais de residuos que son SOGAMA, Nostián e a Mancomunidade do Barbanza, e hai algúns concellos que aínda utilizan vertedoiros de xestión pouco ortodoxa. A anterior administración fixo, e a actual tamén está a facer, un esforzo importante en colaboración coas entidades locais para selar definitivamente os vertedoiros tradicionais e nun breve tempo acadarémolo entre todos, estou convencido.

- Aínda hoxe, máis do 95% dos residuos que entran en SOGAMA teñen como destino a incineración ou o vertido, ficando relegada a reciclaxe a menos do 2%. Vaise cambiar esta situación?

- SOGAMA naceu para xestionar unhas 800.000 t/ano e foi redimensionada á capacidade actual de 500.000 t/ano. Simultaneamente, SOGAMA introduciu o sistema de recollida de contedor amarelo e unha planta de selección para envases lixeiros, en colaboración con Ecoembes, deixando o papel e o vidro para outros Sistemas Integrados de Xestión (SIX). A

mecanismos e as medidas que supoñan a minimización en orixe dos envases.

- En qué situación se atopan os planos do Barbanza e Nostión?

- Desde que tomou posesión o novo goberno os tres xestores finais que hai en Galiza son igual de oficiais e teñen a mesma consideración. Unha das primeiras instrucións que recibín do Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel cando tomei posesión foi a de normalizar a situación administrativa dos centros de tratamento de Nostión e Barbanza, o que a día de hoxe está totalmente executado. Entendo que o paso seguinte é establecer mecanismos de colaboración que seguramente redundarán en beneficio de todos.

- Para cando un novo plano de RU? Definirase mediante un proceso realmente participativo?

- Cando se produce o cambio de goberno, a nova administración atópase cun Plano xa discutido no Parlamento e, practicamente, coas súas alegacións estudadas. Analizando ese plano, entendemos que é pouco concreto e que pode ser mellorado en moitos dos seus aspectos. A partir dese momento tomamos a

decisión de facer un novo plano, aproveitando aquela parte do existente que é válida e tratando de dotalo dunha maior concreción e definición. Xa se atopa adxudicada a súa redacción e en marcha os estudos preliminares de campo. Queremos que sexa un plano participativo dende o principio, por iso preparamos a súa redacción en fases ou apartados de tal xeito que cada un deles sexa debatido cos interlocutores sociais, de forma xeral a través do Consello Galego de Medio Ambiente, como órgano representativo xeral, pero tamén coas administracións competentes na materia como son os concellos e ademais as ONG medioambientais. Entendemos que deberá haber unha participación seria, aberta, continua e ordenada.

- Mais xa se adianta que haberá unha grande planta no Sur de Galiza, e mesmo se fala do lugar onde se instalaría. Non debería ser iso resultado do plano e, no seu caso, do consenso que se acade na súa definición?

- Totalmente de acordo. Entendemos que se debe producir unha descentralización cara ao sur, pero isto non quere dicir que teña que ser onde a Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel e a Consellaría de Vivenda e Solo

teñen previsto desenvolver un polígono industrial destinado o tratamento e xestión de residuos. O plano debe de dicir de xeito orientativo a localización desa descentralización, o tipo de tratamento, e explorar incluso novas tecnoloxías que están emerxentes nestes momentos para o tratamento de residuos. O que si que temos claro é que o do sur non será unha planta de valorización enerxética.

- Como está a xestión e tratamento dos lodos de depuración?

- Nestes intres temos en Galiza algunhas empresas en funcionamento e outras en fase de construción ou constitución que tratan lodos de depuradoras urbanas e das empresas do sector agroalimentario. Estase a producir con estes lodos e con algún outro aditivo como cales, restos forestais, cinzas, etc., emendas orgánicas que se están a dedicar á agricultura ou a restauración de solos degradados. Para estes usos é preciso que os lodos teñan unha axeitada caracterización para evitar problemas posteriores. Por iso, na miña opinión, os residuos de depuradora procedentes de pequenas e medianas vilas son moito máis estábeis na súa composición e, unha vez ben caracterizados, aptos para os usos anteriormente indicados. Agora ben, nestes momentos están en construción ou en fase de proxecto as depuradoras das grandes cidades, polo que, en poucos anos, teremos un grande crecemento da produción de lodos e, posiblemente, estes sexan máis heteroxéneos. A Consellaría está a traballar en buscar unha solución axeitada a nova situación que se prevé.

- Finalmente, que nos pode dicir a respecto da xestión e tratamento dos residuos industriais?

- O plano de residuos industriais de Galiza formaliza a súa vixencia no presente ano. É intención da Consellaría sacar a licitación un novo Plano de Residuos Industriais a finais deste mesmo ano para que entre en vigor ao longo de 2007. Nestes momentos estamos en fase de ampliación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galiza, acabamos de poñer en marcha o sistema telemático para ter unha trazabilidade en tempo real dos residuos perigosos, estase a incrementar de xeito importante o número de inscritos como produtores dos residuos industriais, perigosos e non perigosos, o que nos indica que cada día hai máis conciencia.

ABRINDO CAMIÑOS DE DIÁLOGO

O pasado 27 de maio tivo lugar no Museo do Pobo Galego en Compostela unha xornada sobre a xestión do lixo organizada pola ADEGA e a FEG baixo o lema "Abrindo camiños de diálogo". Ademais da ADEGA e a FEG, participaron representantes da Xunta, de SOGAMA, do Concello de A Coruña, e das empresas FCC, Lagares Ingeniería e Agroamb, así como un membro da CEPA (Centre d'Ecologia i Projectes Alternatius, Catalunya). As entidades organizadoras formularon diante da administración e as empresas do sector a súa análise da xestión do lixo e as principais demandas: o fracaso da prevención en todo o ámbito galego, o fracaso do modelo de contedor amarelo de recollida selectiva, o incumprimento dos obxectivos de reciclaxe da normativa comunitaria, e a idoneidade de modelos como o de Nostión e, especialmente, o da Serra do Barbanza, xunto coa compostaxe caseira. Os documentos desta xornada serán publicados no próximo número de Cerna.



Desde a dereita, Marta Domínguez (FCC), Xoaquín Buergo (Xunta de Galiza), Manuel Soto (ADEGA), Xosé Álvarez (SOGAMA) e Fernando Roade (Concello de A Coruña)

ECOLOXÍA TAMÉN EN VACACIÓNS



As vacacións soen ser sinónimo de relax, desconexión das rutinas diarias e nalgúns casos implican coñecer novos lugares e culturas. Porén, as felices vacacións poden amosarnos outras facianas; milleiros de persoas realizando desprazamentos (maioritariamente cara as costas), causando un grave impacto en zonas moi sensibles afectadas por unha construción indiscriminada e a sobre-explotación dos seus recursos, auga, solo, biodiversidade, etc.

TURISMO DEPREDADOR

No mundo uns 500 millóns de persoas viaxan cada ano, e na meirande parte os destinos son moi semellantes (principais cidades, parques nacionais e reservas de animais salvaxes, monumentos e zonas costeiras). Nas próximas dúas décadas se espera que o número de viaxeiros supere os 1.000 millóns.

O turismo é hoxe en día o primeiro sector da economía española cun continuo aumento que comeza a presentar unha problemática cunha casuística cada vez máis clara. Determinadas épocas do ano, entroido, semana santa, verán e pontes son momentos nos que millóns de persoas saen das súas casas coa intención de romper coa vida cotiá.

A consecuencia deste acto son milleiros de coches saíndo das vilas e cidades cara destinos turísticos moi localizados provocando atascos, contaminación, fatiga, ao que hai que sumarlle o impacto no lugar de destino. Impacto previo como a construción de pistas de esquí en lugares moi sensibles como

son os cumios das montañas (en Galiza o caso de Pena Trevinca) ou construción de hoteis, autovías, piscinas, campos de golf etc nun litoral enfocado ao turismo de sol e praia. O impacto paisaxístico, as afeccións á biodiversidade e á pesca, ou ao esgotamento da auga están presentes en moitos exemplos galegos de "marbellización" como poden ser o Morrazo ou Sanxenxo, e noutras áreas dun turismo intensivo como Miño ou Nigrán, etc.

Fomentar un turismo de calidade e planificado en base a un territorio tan heteroxéneo como é o galego, na liña do ecoturismo é un traballo fundamental que temos que demandar das administracións para garantir que o noso patrimonio natural, cultural e social, non se vexa dilapidado.

ECOTURISMO

Non todas as actividades de turismo ou viaxe teñen os mesmos impactos. O concepto de "desenvolvemento sostíbel"

do informe Brundland pode aplicarse ao turismo mediante a concepción do ecoturismo, co obxecto fundamental de manterse no tempo, obtendo rendibilidade económica pero protexendo os recursos naturais que a sustentan.

O ecoturismo, sen dispormos dunha definición universal, é por lóxica aquel que non causa eses aspectos negativos que temos comentado. Trátase dunha maneira de facer turismo baseado na visita e goce de áreas naturais ou de interese cultural e patrimonial que reduza ao máximo o impacto sobre o medio e a cultura local e que pola contra incida na conservación do espazo visitado. Un modelo de turismo que inclúa elementos educativos ou de interpretación, xeralmente organizado en grupos reducidos.

TURISMO ECOLÓXICO

Galiza ten sufrido unha destrución do territorio froito de anos de improvi-



sación, que deu como resultado unha destruturación do territorio caracterizada pola ausencia dos servizos necesarios de saneamento, abastecemento, comunicacións, etc. O turismo non foi alleo a esta situación.

Lonxe de ficar na oferta dun produto concreto como aloxamento ou unha actividade determinada, deberá ser considerado como unha dimensión máis do territorio á hora de realizar planos de desenvolvemento, executar obras ou proxectar novos servizos.

Por outra banda, o desenvolvemento incontrolado de turismo de masas, pode provocar a saturación de certas áreas e que estas deixen de ter o interese que mostraron no seu momento. O resultado é unha ameaza para o medio e un fracaso económico. Estabelecer cal é a "capacidade de carga" que un lugar pode asumir é unha necesidade previa a calquera proxecto turístico. Estabelecer o número máximo de visitantes que o lugar pode tolerar, e non



excedelo ten que ser unha das prioridades que se deben marcar as administracións competentes.

Por último, trátase de implantar pautas de xestión sustentábel. Existen innumerábeis códigos de conduta que

pretenden conseguir tanto o compromiso da industria turística como a dos propios turistas. Apuntamos algunhas accións e ideas que dende a nosa dimensión de turista ou viaxeiro/a podemos levar á práctica.

PROPOSTAS PARA UN TURISMO ECOLÓXICO

ANTES DA VIAXE:

- Planifica ben a viaxe, é fundamental para gozar da mesma sen sobressaltos, coñecendo as posibilidades do destino.
- Demanda información sobre os lugares que vas visitar, épocas máis axeitadas, costumes, cultura, relixión, rutas, espécies de interese, lugares sensíbeis, etc.
- Non esquezas levar prismáticos, cámara, guías de fauna e flora ou de patrimonio cultural, etnográfico, etc.
- Contacta con grupos ecoloxistas (ou de desenvolvemento, voluntariado, etc) da localidade. Durante a estadia podes realizar algunha actividade ambiental ou cultural de interese e coñecerás a zona da man de xente do lugar, sen dúbida os mellores guías.
- Tenta des-estacionalizar a túa viaxe. Se podes elixir as túas vacacións fora da época de masas, non o dubides, será máis barato e axudará a manter a economía local durante todo o ano.

PARA A VIAXE:

- Respecta a fragilidade da terra, pensa que os lugares que ti visites tamén os deberían poder gozar as xeracións vindeiras.

- Emprega medios de transporte colectivos e pouco contaminantes
- Se optas polo coche, compárteo con xente que opte polo mesmo destino (existen páxinas web onde podes informarte sobre esta forma de viaxar).
- A bici pode ser o teu medio de viaxe ou un moi bo complemento. Unha vez no lugar de destino unha bici propia ou alugada é un medio de transporte ideal para coñecer o lugar polo miúdo.

NO LUGAR DE DESTINO:

- Achégate a un punto de información turístico ou centro de visitantes.
- Faite con mapas da zona
- Pide información na localidade sobre rutas, lugares de interese a visitar, etc
- Pensa na posibilidade de contratar un guía local que faga un primeiro achegamento ao lugar e ideas para os días vindeiros, e asegúrate que sexa responsable tanto coa comunidade como co medioambiente.
- Non deixes "pegadas", toma so fotografías, e non collas "recordos" históricos ou de áreas naturais.

- Non merques produtos fabricados con animais e plantas en perigo de extinción.
- Merca artesanía directamente ao artesán ou artista (ou ao menos inténtao), recorda que moitas veces unha "ganga" so é posíbel debido ao pouco que se lle pagou a quen o fai.
- Elix infraestruturas (hoteis, compañías de transporte, suministradores, etc) que empreguen sistemas de eficiencia enerxética, de aforro de auga, así como un tratamento axeitado dos seus residuos.
- Apoia as economías locais, asegúrate que a elección do hotel, guía, restaurante etc, axudan a sanear ditas economías, e non a empresarios que están a milleiros de quilómetros.
- En canto aos deportes e outras actividades procura que sexan respectuosas. Determinadas actividades relacionadas co medio poden exercer un impacto ambiental (quads, motos de auga, etc).
- No lugar de empregar unha moto acuática que fai moito ruído, queima combustible fósil e é perigosa para os bañistas, opta por gozar do mar ou do río paseando ou navegando en piragua ou kaiak.

ESTATUTO E SUSTENTABILIDADE

Belén Rodríguez/Cerna

O pasado 20 de abril ADEGA e a FEG achegaron ao Parlamento Galego as súas reflexións sobre o novo Estatuto de Autonomía de Galiza

Adega, representada pola súa presidenta, Adela Figueroa, acudiu ao Parlamento de Galiza para facer escoitar a voz ecoloxista no debate sobre o que vai ser o novo Estatuto do país. A Asociación para a Defensa Ecolóxicade Galiza considerou que o Estatuto debería suscribir, non só os dereitos humanos da Declaración Universal, senón tamén os dereitos ambientais e o dereito á autodeterminación. Definiu a Galiza como unha Nación polas súas características histórico-culturais e lingüísticas, mais sobre todo, porque na súa cidadanía existe a consciencia de formar parte dunha sociedade diferenciada, con memoria colectiva e fondas raíces que nos identifican cunha Terra e cunha particular percepción do medio. Segundo Adega, na nosa historia como pobo xurdiron formas de aproveitamento sustentábel e equilibrado dos recursos naturais e unha configuración ambiental e unha paisaxe fortemente humanizadas. Por iso, Adega reclamou a defensa do noso medio e da nosa cultura como parte integrante do ecosistema humano propio da Galiza.

Por outra parte o colectivo ecoloxista sinalou que o ambiente non coñece límites administrativos, e que na Galiza conviven múltiples ambientes que exce-



ADEGA participou na manifestación do pasado 17 de maio en Compostela

den estas fronteiras, proclamando a necesidade da cooperación coas comunidades veciñas de Asturias, Castela-León, e nomeadamente Portugal en conxunto.

Adega exixiu que as institucións de goberno se rexan por principios coma a liberdade, igualdade, solidariedade sincrónica e diacrónica –cos coetáneos, e coas xeracións futuras–, xustiza social, recoñecemento da diversidade humana,

"Galiza como Nación: na súa cidadanía existe a consciencia de formar parte dunha sociedade diferenciada, ...cunha particular percepción do medio"

de xénero, cultura e opción sexual e de tipos de familia. Subliñou a necesidade do respecto polos demais seres vivos, baseado nunha ética biocéntrica que se sobrepoña á tradicional antropocéntrica.

A asociación expresou o seu compromiso cos principios democráticos, baseados na extensión da xustiza social a todos os habitantes, fundamentados nos dereitos humanos, na solidariedade entre os pobos, e no afianzamento e extensión da sociedade do benestar. Amosou ademais o seu rexeitamento a todo tipo de guerra e outras formas de violencia.

A organización indicou que o Estatuto de Galiza debería recoller estes mesmos principios e os conseguintes compromisos co cumprimento dos acordos internacionais en materia de Ambiente, coma os do cumio de Río de Janeiro 92, o aproveitamento sustentábel e racional dos recursos naturais (particularmente da auga), a xestión dos residuos baseada nos tres R (reducir, reutilizar, reciclar), e a preservación e mellora do noso Patrimonio Natural e Cultural.

DEREITOS DA CIDADANÍA

A asociación ecoloxista Adega encabeza a lista de dereitos da cidadanía co dereito á democracia participativa e co dereito a recibir información honesta e clara por parte da Administración, para o cal Galiza debería adoptar o Convenio de



Aarhus no que se inclúe ademais o dereito á xustiza en temas ambientais. Na mesma liña, reclamou o dereito dos cidadáns á saúde a través do compromiso dos poderes públicos de garantir a nosa nutrición e a protección contra os contaminantes na dieta e no ambiente. Isto, levado á práctica, significaría a declaración de Galiza como territorio libre de transxénicos e totalmente desnuclearizado, é dicir, libre de instalacións de produción, enriquecemento ou almacenamento de combustíbel e refugallos nucleares.

A sustentabilidade foi un dos principais reclamos de Adegas. Propuxo o abandono dos patróns de "crecemento" para avaliar o progreso social e introducir outros máis vencellados á economía ambiental. Sinalou que o consumo medio da sociedade galega está por riba das posibilidades dunha sociedade sustentábel, polo que se debe impor a contención do consumo e a solidariedade internacional, por exemplo a través do 0,7% do PIB para axuda internacional.

Adegas enfatizou que a cidadanía galega teña o dereito a gozar das súas paisaxes variadas, nalgúns casos únicas; o dereito á biodiversidade e á súa conservación, que se deberá garantir

"Propúxose a declaración de Galiza como territorio libre de transxénicos e totalmente desnuclearizado, é dicir, libre de instalacións de produción, enriquecemento ou almacenamento de combustíbel e refugallos nucleares"

naquelas especies que teñan ou non rendibilidade económica recoñecida; á protección do noso patrimonio xeolóxico; á Educación Ambiental dirixida a toda a poboación; á unha vida plena e a unha morte digna; e á prevención e seguranza dos riscos previsíbeis ou inesperados, dereito recollido nos principios de Precaución e ALARA no tocante aos posíbeis efectos sobre a saúde e o contorno dos aparellos e procesos tecnolóxicos.

FIGURAS E INSTRUMENTOS QUE GARANTAN ESTES DEREITOS.

Por outro lado, Adegas recordou a obriga do Parlamento de crear as figuras e os instrumentos precisos para facer cumprir a Lei. Por iso, suxeriu a creación



do Valedor/a da Terra que tería a responsabilidade de garantir a defensa da Diversidade natural (biodiversidade e xeodiversidade) e o cumprimento do principio do Desenvolvemento Sustentábel e Perdurábel. O Valedor/a tería que facer cumprir o dereito medioambiental correspondente a Galiza, ao Estado, a Europa ou ao ámbito internacional. Sería unha figura escollida polo Parlamento por maioría cualificada, de doada accesibilidade para a xeneralidade da cidadanía, e supervisaría as actuacións da Administración en materia ambiental dando contas ao Parlamento.

Paralelamente, propuxo a creación do Consello Ecolóxico e da Sustentabilidade de carácter consultivo sobre o desenvolvemento humano, económico e social. Este órgano podería converterse no garante dunha acción de goberno transversal a todas as áreas e do equilibrio territorial, ambiental, social e económico, podendo significar a ampliación ou remodelación do Consello Económico e Social.

En canto á planificación territorial, Adegas avoga por unha distribución natural do territorio acorde coa diversidade ambiental, para a cal sería preciso potenciar o desenvolvemento e personalidade das comarcas naturais fronte a artificialidade das provincias administrativas. Para este fin, o Parlamento de Galiza tería que elaborar un mapa comarcal e de áreas susceptíbeis de seren utilizadas para aproveitamento enerxético (eólico, hidráulico, solar), seguindo un rigoroso criterio de sustentabilidade ecolóxica e de protección da Diversidade Natural. A Rede Natura 2000 sería obxecto de especial atención co obxectivo de conseguir a afectación cero e teríase que proceder a unha

necesaria ampliación para garantir a viabilidade dos nosos hábitats e especies de interese europeo.

No eido patrimonial, Adegas formulou que a Administración deba velar pola especial protección dos recursos naturais de Galiza, dos seus ríos, lagoas, augas soterradas, monumentos naturais, zonas de beiramar, rías... así como calquera outra área merecedora de ser motor de desenvolvemento e mellora de vida. Fíxose fincapé naquelas zonas protexidas onde se asentan poboacións, as cales deberán gozar de privilexios relativos ao abastecemento eléctrico, informático, fiscalidade e axudas especiais para a promoción educativa e formativa.

A FEG APOSTA POR POLÍTICAS REAIS DE SUSTENTABILIDADE

A Federación Ecoloxista Galega foi a primeira en comparecer na sesión do 20 de abril fronte a Comisión de Estudo do novo Estatuto de Galiza. A FEG fixo un repaso polas deficiencias máis preocupantes da política ambiental actual de Galiza entre as que mencionou a forte eucaliptización dos montes galegos e terras agrarias, a ocupación urbanística indiscriminada do litoral, a insustentábel política enerxética como factor de

"O consumo medio da sociedade galega está por riba das posibilidades dunha sociedade sustentábel. Debe imporse a súa contención e a solidariedade internacional"

deterioro ambiental, a situación precaria dos ríos e rías, a explotación non sustentábel dos recursos pesqueiros, o modelo ineficiente do transporte, a falla de redución en orixe de residuos...

A FEG destacou a necesidade de inclusión de normativas no Estatuto que fagan referencia específica a políticas reais de sustentabilidade e á transversalidade de políticas en materia de protección ambiental nas que haxa participación social. Do mesmo xeito que Adegas, a FEG indicou o Cumio da Terra de Río de Janeiro 92 coma o referente que debe de ter a Administración para adoptar os compromisos que lle corresponde no eido medioambiental, ámbito no que exixiu a transferencia de competencias a Galiza.

O PORQUIÑO DA PAZ (Adeus ás armas)

Anxo Moure

☉ León da guerra foi informado de que os animais da Galiza querían ser libres.

-Diso nada-, protestou o monstro das armas, así que axiña decidiu viaxar armado até os dentes ás terras galai-cas para sementar o medo entre a fauna que o habitaba.

☉ Con quen primeiro topou foi coa vaca galega:

-¡Guagghhhh!-, berrou o león ensinando as súas esco-petas, metralletas, mísiles... como dentes afiados,

-¡Muuu!-, falou a vaca, temerosa, fuxindo entre os lameiros. Achou despois o lobo,

-¡Guahghhhh!-, berrou de novo o monstro,

-¡Auhhhh!-, ouveou o lobo agochándose entre os outeiros.

☉ Chegouse no seu camiño o monstro até un poliño de garvota,

-¡Guagghh!-, berrou,

-¡Pio, pio!-, partiu a ave diminuta voando cara as illas.

☉ No camiñar do monstro por esta terra, os animais galegos foron collendo medo a ser libres diante das armas daquel señor da guerra. Mais cando ía ao remate daquela viaxe polo país, atopou un porquiño emborcándose na lama. Díxo para si o león: -aquí esta o animal máis suxo e noxento desta terra, vai papar un susto que vai tremer como unha vara verde, vaise agochar no fondo da lameira.

-¡Guagghh!-, berrou o monstro; o porquiño ficou inmóvil, quedo, mirándolle para os ollos e contestando con desinterese:

-¡Grrooo!-, que, na linguaxe porcina, como todos os biólogos e veterinarios coñecen, significa "adeus as armas".

-Pero que pasa aquí, como é que non me ten medo, debe estar un pouco xordo, vou mercar mais armas-, pen-sou indignado o león.

-¡Guaggh!-, berrou de novo a fera, inzada de armas;

-¡grrooo!-, contestou sorrindo e con voz baixa o por-quiño.

-Este non é un porco xordo, é un porco tolo- dixo o león, -así que en vez de gastar os cartos en escolas, en saúde, e coidar os ríos, vounos gastar todos en armas para asustar este porco endiañado-.

Cargado de odio e morte, achegouse o león onde o porquiño, miroulle fortemente aos ollos, ensinándolle o

terror das armas e das guerras, e berroulle como nunca se escoitara berrar na Galiza:

-¡Guagghhhhhh!-,

-¡Grrooo!-, contestou case en silencio o porco,

-¡Guagghh!-, berrou de novo o monstro,

-¡Grrooo!-, contestou aínda máis silandeiro o porco


☉ Tanto máis berraba o león, o porco máis baixo con-testaba e sorría con máis forza até que co silencio e o sorriso do porco, o monstro ficou aterrecido, descubriendo que nos ollos do porco nacía e medraba o sentimento contra o que non valen nin guerras, nin armas, nin odio.

Era aquel o mesmo sentimento que nace nos ollos dos nenos de Iraq, Palestina, Somalia ou Etiopía; era a liberdade.

Decatouse o monstro que contra a liberdade dos nenos e dos pobos de nada valen as guerras, de nada valen as armas.

Ese foi o tempo en que remataron todas e cada unha das guerras, tempo en que só medra a liberdade. Foi tamén o tempo en que naquela lameira xogan dous porcos fozando na terra; un deles é noso porquiño pacifista, e o outro aquel león que agora xa fala coma os porcos -¡grrooo!-, -¡grrooo!-, que como ben sabedes todos vós significa "adeus as armas".

*Adaptación sobre un texto orixinal de Paula Carballeira



PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE VERÁN

EXPOSICIÓNS

FORMACIÓN



A Galicia máis natural
1 -12 Xuño

Curso "Patrimonio, turismo e desenvolvemento local"
2 Xuño



de Xuño

Actividades no Día do Medio Ambiente



V Congreso Interc. de Actividades Físicas Cooperativas
30 Xuño - 3 Xullo




Xogos de onte, hoxe e sempre
14 Xuño - 3 Xullo




O lobo ibérico
Xullo

Seminario sobre Cambio Climático
7 Xullo



Seminario Interc. sobre Áreas Mariñas Protexidas
17 - 18 Xullo



C E I D A

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

coa colaboración de



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Concello de



Oleiros



CEIDA - Castelo de Santa Cruz s/n, Liáns - 15179 Oleiros
Tfo 981630618 - Fax 981614443 - www.ceida.org - formacion@ceida.org



amares

PROGRAMA
DE USO SOSTIBLE
DO MAR

xestión de recursos pesqueiros
diversificación económica das actividades pesqueiras
creación de áreas mariñas protexidas
divulgación dos principios de uso sostible do mar

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



UNIVERSIDADE
DE VIGO
CENTRO DE ESTUDIOS UNIVERSITARIOS
E INVESTIGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

Fundación
Territori i Paisatge
DADA ORLEANS